

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 7 de agosto de 2026
-----oOo-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día sete de agosto do ano dous mil vinte e seis, baixo a Presidencia de *Luis López Diéguez*, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime*, *Luisa Sánchez Méndez*, *Roberto José Álvarez Carrero*, *Juan Pablo Castillo Amigo*, *Jorge Cubela López*, *Manuel Alejandro Lorenzo Alonso*, *María Pilar Ramallo Vázquez* e *Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Gabriel Rodríguez Alonso, Secretario Acctal, e está presente o Interventor, Antonio Graña Gómez.

Non asiste o deputado *Ricardo Martínez Chantada*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Paula Bouzós Barros* e *Belén Cachafeiro Anta* e os deputados *Marcos Guisasola Padín* e *Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.37501.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2026.

2.37502.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BARRO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "PAVIMENTACIÓN EN BRETOÑA E MONLLO. CONCELLO DE BARRO". (Expte. 2026025645)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.



- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 31/03/2026, mediante rexistro WEB2026025645, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de BARRO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 86.563,39 euros, co obxecto do financiamento do investimento "PAVIMENTACION EN BRETOÑA Y MONLLO. CONCELLO DE BARRO" (Expte.2026025645), cuxo orzamento ascende a 86.563,39 euros.

Deste modo, a petición do Concello de BARRO queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutros Plans ou programas-€	Fondos propios do Concello -€
2026	86.563,39	86.563,39	0,00	0,00

- O orzamento de 86.563,39 euros contempla 82.086,39 euros de execución de obra, 1.815,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 2.117,5 euros de honorarios de dirección de obra e 544,50 euros de coordinación de seguridade e saúde.
- Consta no expediente o certificado da secretaría xeral do concello relativo á titularidade dos bens sobre os que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de cooperación.
- Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, ademais da declaración responsable presentada ante Augas de Galicia e a autorización do Ministerio de Transportes e Mobilidade que xa figura no expediente, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial de Patrimonio Cultural.
- A devandita autorización, será achegada coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.



- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os Concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerese polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 17/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 18/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 21/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de BARRO, CIF: P3600200D, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 86.563,39 euros, co obxecto do financiamento da actuación "PAVIMENTACION EN BRETOÑA Y MONLLO. CONCELLO DE BARRO" (Exp.:2026025645), cuxo orzamento ascende a 86.563,39, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención-Plan + Provincia 2026-2027	Achegas Doutras Administracións	Fondos Propios Concello
2026	86.563,39 €	86.563,39 €	0,00- €	0,00

- O orzamento de 86.563,39 euros contempla 82.086,39 euros de execución de obra, 1.815,00 euros de honorarios de redacción de proxecto, 2.117,5 euros de honorarios de dirección de obra e 544,50 euros de coordinación de seguridade e saúde.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o concello achegue a autorización sectorial do servizo de Patrimonio Cultural. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de BARRO, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

3.37503.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE BUEU, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "PAVIMENTACIÓN E MELLORA CAMIÑO NAS MEANS IVBU-095". (Expte. 2026027484)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 06/04/2026, mediante rexistro WEB2026028987, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, dunha petición do Concello de BUEU na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 162.216,82 euros, co obxecto do financiamento do investimento "PAVIMENTACION E MELLORA CAMIÑO NAS MEANS IVBU-095" (exp.: 2026027484), cuxo orzamento ascende a 162.216,82 euros.

Deste modo, a petición do Concello de BUEU queda configurada tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento- €	Subvención - Plan + Provincia 2026-2027-€	Achegas doutros Plans ou programas- €	Fondos propios do Concello -€
2026	162.216,82	162.216,82	0,00	0,00

- Consta no expediente o informe técnico e ficha de inventario relativa á titularidade do ben sobre o que se pretende actuar e informe relativo á normativa sectorial.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.



Non obstante, na data de presentación da solicitude de subvención, estaba pendente de outorgamento a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

- A devandita autorización, así como a resolución ou acordo de aprobación do proxecto e a acta de trazado previo (anexo III) serán achegadas coa primeira xustificación do investimento subvencionado, conforme ao establecido na base 24ª do Plan.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Base 25ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, que establece que os concellos poderán destinar a cantidade asignada na liña 1 a financiar as achegas municipais de investimentos incluídos en plans, programas ou convenios desta Deputación ou doutras Administracións Públicas. Así mesmo, cando un Concello destine crédito do Plan + Provincia 2026-2027 a financiar a súa achega económica a investimentos integrados en plans financiados maioritariamente por outras Administracións Públicas, a subvención que se conceda rexerese polas normas do Plan + Provincia 2026-2027, con independencia de que a outra Administración asuma a contratación e execución do investimento.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.



- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 19/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 23/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de BUEU, CIF: P3600400J, ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027 (anualidade 2026), unha subvención por importe de 162.216,82 euros, co obxecto do financiamento da actuación "PAVIMENTACION E MELLORA CAMIÑO NAS MEANS IVBU-095" (Exp.: 2026027484), cuxo orzamento ascende a 162.216,82, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención-Plan + Provincia 2026-2027	Achegas Doutras Administracións	Fondos Propios Concello
2026	162.216,82 €	162.216,82 €	- €	-€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á que o concello achegue a autorización sectorial da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, así como a resolución ou acordo de aprobación do proxecto que figura no expediente e a acta de trazado previo (Anexo III) debidamente cumprimentada. Esta documentación será presentada coa primeira xustificación do investimento subvencionado.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de BUEU, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

4.37504.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN CALVOS E SOUTOSICO" (Expte.2026025792)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan +Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.
- En data 01/04/2026, mediante rexistro WEB2026027289, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Fornelos de Montes, na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 259.926,86 euros, co obxecto do financiamento do investimento "Acondicionamento de camiños en Calvos e Soutosico" (Expte.:2026025792), cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutros administracións	Fondos propios do Concello
2026	259.926,86 €	259.926,86 €	0,00 €	0,00 €



- O orzamento contempla execución de obra por importe de 237.021,42 euros e honorarios técnicos por importe de 22.905,44 euros (12.946,55 euros de redacción de proxecto, 7.967,11 euros de dirección de obra e 1.991,78 euros de coordinación de seguridade e saúde).
- En datas posteriores, o concello subsana a documentación presentada inicialmente.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros, agás no caso dos investimentos co-financiados onde o importe da subvención solicitada pode ser inferior.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 26/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 29/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 30/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Fornelos de Montes (P3601900H), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 259.926,86 euros, co obxecto do financiamento do investimento “Acondicionamento de camiños en Calvos e Soutosico” (Expte.2026025792), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas Doutras Administracións	Fondos Propios Concello
2026	259.926,86 €	259.926,86 €	0,00 €	0,00 €

- O orzamento contempla execución de obra por importe de 237.021,42 euros e honorarios técnicos por importe de 22.905,44 euros (12.946,55 euros de redacción de proxecto, 7.967,11 euros de dirección de obra e 1.991,78 euros de coordinación de seguridade e saúde).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.

- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Fornelos de Montes, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

5.37505.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MEAÑO, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ENSANCHE E MELLORA DE VIAIS EN DADÍN (DENA) E FREIXEIRO (LORES)". (Expte.2026025795)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- En data 01/04/2026, mediante rexistro WEB2026026970, formalmente e en prazo, consta entrada na sede electrónica da Deputación, ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de Meaño na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición unha subvención, por importe de 78.412,60 euros, co obxecto do financiamento do investimento "Ensanche e mellora de viais en Dadín (Dena) e Freixeiro (Lores)" (Expte.2026025795), cun orzamento polo mesmo importe quedando configurada a petición tal é como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade/s	Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027	Achegas doutros administracións	Fondos propios do Concello
2026	78.412,60 €	78.412,60 €	0,00 €	0,00 €



- O orzamento contempla execución de obra por importe 74.903,60 euros e honorarios técnicos por importe de 3.509,00 euros (2.541,00 euros de dirección de obra e 968,00 euros de coordinación de seguridade e saúde).
- Revisada a documentación, despréndese que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa validación técnica favorable do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.



PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 16/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 25/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Meaño (P3602700A), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 78.412,60 euros, co obxecto do financiamento do investimento "*Ensanche e mellora de viais en Dadín (Dena) e Freixeiro (Lores)*" (Expte.2026025795), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Anualidade	Orzamento	Subvención	Achegas Doutras Administracións	Fondos Propios Concello
2026	78.412,60 €	78.412,60 €	0,00 €	0,00 €

- O orzamento contempla execución de obra por importe de 74.903,60 euros e honorarios técnicos por importe de 3.509,00 euros (2.541,00 euros de dirección de obra e 968,00 euros de coordinación de seguridade e saúde).
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.



- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Meaño, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

6.37506.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE MOS, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "AMPLIACIÓN PARQUE MULTIOCIO DA PESQUEIRA". (Expte.2026024894)

ANTECEDENTES:

- O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria de 26/12/2025 (acordo núm. 4.8555), aprobou as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan +Provincia 2026-2027), publicadas no BOPPO núm. 1, de 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127, de 14/01/2026, determinouse a repartición de fondos por concello e liña de actuación. A disposición efectiva do crédito queda supeditada á presentación da solicitude, fiscalización da documentación e instrución do procedemento regulado no Capítulo I (Liña 1 - Investimentos).
- Por acordo da Xunta de Goberno da Deputación núm.4.35362, do 23/06/2025, concedéuselle ao Concello de Mos unha subvención por importe de 125.000,00 euros, ao abeiro do Plan +Provincia 2025, para o financiamento da actuación "*Ampliación parque multiocio da Pesqueira*" (Expte.2025021340). O orzamento da actuación cífrase en 507.575,75 euros, debendo achegar a entidade municipal 382.575,75 euros.
- Con data 30/03/2026, o Concello de Mos, mediante rexistro WEB2026025703 (documentación completada en datas posteriores), presentou en prazo e forma, unha solicitude ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027. Nela solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 128.787,88 euros co obxecto do financiamento do investimento arriba referenciado, quedando a solicitude de subvención configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026)	Subvención Plan +Provincia 2025	Achega outras administracións (Fondo Cooperación Local)
507.575,75 €	128.787,88 €	125.000,00 €	253.787,87 €



- Tras a revisión da solicitude, verifícase que cumpre cos requisitos formais esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027, constando a documentación preceptiva sinalada na base 29ª.
- A documentación técnica e administrativa relativa á obra se atopa debidamente integrada no seguinte expediente:
 - o 2025021340 do Plan + Provincia 2025; código SIA 2249895; núm. rexistro entrada inicial na Deputación WEB2025024727 de 02/04/2025.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico



ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.



PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do xefe do servizo de Cooperación, de data 24/07/2026, o informe da Intervención provincial, de data 31/07/2026, e a dilixencia de corrección de erros da Intervención provincial, de data 03/08/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Mos (P3603300I), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1- investimentos (anualidade 2026), unha subvención por importe de 128.787,88 euros co obxecto do financiamento do investimento “Ampliación parque multiocio da Pesqueira” (Expte.:2026024894), cun orzamento por importe de 507.575,75 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención Plan +Provincia 2026-2027 (anualidade 2026)	Subvención Plan +Provincia 2025	Achega outras administracións (Fondo Cooperación Local)
507.575,75 €	128.787,88 €	125.000,00 €	253.787,87 €

- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, sendo imprescindible que se remita xunto coa primeira xustificación da axuda económica.
- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- O investimento para o que solicita a presente subvención está co-financiado con fondos do Plan +Provincia 2025, polo que compre facer constar que o prazo de execución de dito plan é o 31/12/2026 e o de xustificación é o 31/03/2027.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Mos, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



7.37507.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE PONTECESURES, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "ACONDICIONAMENTO DA PLATAFORMA E HUMANIZACIÓN DA RÚA CARLES". (Expte.2026025566)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación, na sesión do día 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (Plan + Provincia 2026-2027), en adiante Plan + Provincia 2026-2027, que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 02/01/2026.
- Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 do 14/01/2026, procedeuse a aprobación do cadro de repartición de fondos por liña e municipio; sen prexuízo de que a disposición efectiva do crédito quede supeditada á presentación de cada solicitude, á revisión da documentación preceptiva e á oportuna instrución do procedemento conforme o establecido no Capítulo I (Liña 1-Investmentos).
- Con data 01/04/2026, mediante rexistro WEB2026026710, o Concello de Pontecesures formalizou en tempo e forma, a través da sede electrónica da Deputación e ao abeiro do Plan + Provincia 2026-2027, unha petición na que solicita, con cargo á asignación correspondente unha subvención por importe de 71.258,22 euros para o financiamento do investimento "ACONDICIONAMENTO DA PLATAFORMA E HUMANIZACIÓN DA RÚA CARLES" (expte. 2026025566). O orzamento total da actuación cífrase no mesmo importe, prevéndose a súa cobertura íntegra mediante a subvención solicitada.
- Revisada a documentación, depréndese que a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando coa validación técnica favorable do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.



- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

II.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base Reguladora 15ª do Plan + Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que lle corresponde ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude e, en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para sometela á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico ou técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.



- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan. A referida base 19ª establece que nos investimentos de carácter anual, o importe mínimo do orzamento e da solicitude de subvención será igual ou superior a 20.000,00 euros.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 25/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 26/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe e da dilixencia de corrección de erros da Intervención provincial, de data 29/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de Pontecesures (P3604400F), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027 liña 1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 71.258,22 euros, co obxecto do financiamento do investimento “ACONDICIONAMENTO DA PLATAFORMA E HUMANIZACIÓN DA RÚA CARLES” (Expte. 2026025566), cun orzamento polo mesmo importe, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	71.258,22 €	71.258,22 €	0,00 €	0,00 €

- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada á resolución favorable da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas (Axencia Galega de Infraestruturas), así como a aportación da resolución ou acordo de aprobación do proxecto, sendo imprescindible que se remita á documentación xunto coa primeira xustificación da axuda económica.



- Autorizar e comprometer o gasto na vinculación xurídica da aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de Pontecesures, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

8.37508.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE SANXENXO, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA PRAZA MANUEL CORTÉS (BORDÓNS)". (Expte.2026025623)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 31/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026026320), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de SANXENXO na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha



subvención por importe de 157.514,91 euros, con destino ao financiamento “MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA PRAZA MANUEL CORTÉS (BORDÓNS)”, cun orzamento por importe de 157.514,91 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	157.514,91	157.514,91	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial de Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudio de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivárase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.



- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 19/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 22/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 27/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de SANXENXO (P3605100A), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1- investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 157.514,91 euros, co obxecto do financiamento do investimento "MELLORA DE ACCESIBILIDADE NA PRAZA MANUEL CORTÉS (BORDÓNS)" (Expte.2026025623), cuxo orzamento ascende a 157.514,91 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	157.514,91€	157.514,91€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a concesión da presente subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado o pronunciamento de Augas de Galicia á declaración responsable presentada ante dito organismo, así como o decreto (ou o acordo) de aprobación do proxecto e acta de trazado previo (anexo III) debidamente cumprimentada.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.



- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de SANXENXO, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

9.37509.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VALGA, AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO "PAVIMENTACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS 2026". (Expte.2026021742)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 23/03/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026022341), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do concello de VALGA na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 246.426,49 euros, con destino ao financiamento "PAVIMENTACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS 2026", cun orzamento por importe de 246.426,49 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	246.426,49	246.426,49	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que non é preciso contar con ningunha autorización sectorial.



Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.



- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 22/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 23/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da



subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 23/07/2026, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de VALGA (P3605600J), ao abeiro do plan +Provincia 2026-2027 liña1-investimentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 246.426,49 euros, co obxecto do financiamento do investimento "PAVIMENTACIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS 2026" (Expte.2026021742), cuxo orzamento ascende a 246.426,49 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	246.426,49€	246.426,49€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Convén lembrar que o concello deberá posuír tódalas autorizacións sectoriais necesarias así como as licenzas e permisos preceptivos para a execución do investimento ao abeiro do establecido nas bases reguladoras do presente plan.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de VALGA, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.



10.37510.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO CONCELLO DE VILA DE CRUCES, AO ABEIRO DO PLAN + PROVINCIA 2026-2027 LIÑA 1-INVESTIMENTOS (ANUALIDADE 2026), CO OBXECTO DO FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO “MELLORA DA CAPA DE RODAXE DE CAMIÑOS EN CAMANCEIROS, PINLLE, GUIERAL, COMBARRO E OUTROS”. (Expte.2026025656)

O Pleno da Deputación, na súa sesión do 26/12/2025, mediante acordo núm. 4.8555, acordou aprobar as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de Competencia Municipal 2026-2027, (en adiante Plan +Provincia 2026-2027) que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 1 do 2 de xaneiro de 2026.

Mediante resolución presidencial núm. 2026000127 de data 14/01/2026 aprobouse a repartición total e a que por liña lle corresponde a cada concello; mais a disposición de crédito se fará por cada solicitude de subvención, unha vez revisada a documentación achegada e instruído o procedemento que se recolle no capítulo I. Liña 1-Investmentos.

En data 01/04/2026, dentro do prazo fixado na convocatoria, consta a entrada no rexistro da Deputación (WEB2026026881), ao abeiro do Plan +Provincia 2026-2027, petición do Concello de VILA DE CRUCES na que solicita, con cargo a cantidade que lle correspondeu na repartición, unha subvención por importe de 236.761,84 euros, con destino ao financiamento “MELLORA DA CAPA DE RODAXE DE CAMIÑOS EN CAMANCEIROS, PINLLE, GUIERAL, COMBARRO E OUTROS”, cun orzamento por importe de 236.761,84 euros, quedando configurada a súa petición tal é como reflicte a seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO €	SUBVENCIÓN €	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS €	FONDOS PROPIOS €
2026	236.761,84	236.761,84	0,00	0,00

Consta no expediente documento relativo a titularidade dos bens sobre os que se vai actuar; o concello achega informe do técnico municipal sobre a normativa sectorial, indicando que é preciso contar con autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas, do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra e declaración responsable ante Augas de Galicia.

Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 e achega a documentación que se recolle na base 29ª, contando co informe de supervisión favorable do persoal facultativo técnico do servizo de Cooperación.



FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1.- NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRF).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRJEL).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027.
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.

2.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 15ª do Plan +Provincia 2026-2027 relativa á ordenación, instrución, procedemento e resolución, que indica que correspóndelle ao servizo de Cooperación as actuacións necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes. Así mesmo, establécese que unha vez realizado o estudo de cada solicitude recibida, e en función da información dispoñible, elaborárase unha proposta de concesión da subvención para someter á aprobación do órgano competente, previo informe do técnico competente da Deputación segundo a natureza do investimento e da fiscalización da Intervención.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.



RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE

- Artigo 21 da LPACAP que regula a obriga das Administracións públicas de resolver expresamente todos os procedementos, calquera que sexa a forma de iniciación, e a notificar a devandita resolución. O prazo máximo no que debe notificarse a resolución será fixado pola norma reguladora co correspondente procedemento.
- Artigo 22 LXS que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instrutor.
- Artigo 25 LXS polo que o órgano competente resolverá o procedente e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 RLXS que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 17 e seguintes da Ordenanza Xeral que regulan o procedemento de concesión.
- Bases 1ª, 19ª, 20ª, 21ª, 22ª e 23ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que definen o obxecto, tipoloxía e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este plan.
- Bases 5ª e 6ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que consignan o crédito orzamentario, a porcentaxes mínimas sobre as cantidades asignadas no exercicio 2026, así como os criterios obxectivos de repartición.
- Bases 10ª e 29ª das reguladoras do Plan +Provincia 2026-2027 que recollen o prazo, lugar e documentación necesaria das solicitudes de concesión de subvención.

PARTE DISPOSITIVA

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes do facultativo técnico do servizo de Cooperación, de data 23/06/2026, e do xefe do servizo de Cooperación, de data 23/06/2026, que conclúen favorablemente a tramitación da subvención, e do informe da Intervención provincial, de data 22/07/2026 a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Conceder ao Concello de VILA DE CRUCES (P3605900D), ao abeiro do plan + Provincia 2026-2027 liña1-investmentos (anualidade 2026) unha subvención por importe de 236.761,84 euros, co obxecto do financiamento do investimento "MELLORA DA CAPA DE RODAXE DE CAMIÑOS EN CAMANCEIROS, PINLLE, GUIERAL, COMBARRO E OUTROS" (Expte.2026025656), cuxo orzamento



ascende a 236.761,84 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

ANUALIDADE	ORZAMENTO	SUBVENCIÓN	ACHEGAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS	FONDOS PROPIOS CONCELLO
2026	236.761,84€	236.761,84€	0,00€	0,00€

- Autorizar e comprometer o gasto na aplicación 2026/942.9425.762.45 do vixente orzamento provincial na que existe crédito suficiente para facer fronte ao mesmo.
- Non obstante, a presente concesión de subvención queda condicionada a que o Concello achegue coa primeira xustificación do gasto realizado a autorización sectorial da Axencia Galega de Infraestruturas e do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra así como o decreto (ou o acordo) de aprobación do proxecto.
- A licitación, execución e xustificación do investimento realizarase conforme ao previsto nas bases reguladoras do Plan + Provincia 2026-2027, aprobadas polo Pleno mediante acordo núm. 4.8555 de 26/12/2025 e publicadas no BOPPO núm. 1 do 02/01/2026 (dispoñibles tamén <http://sede.depo.gal>) e a demais lexislación vixente en materia de contratación e subvencións.
- Así mesmo, conforme a base 36ª reguladora do Plan +Provincia 2026-2027, o investimento subvencionado (anualidade 2026) deberá estar executado o 31/12/2027 e xustificado na súa totalidade o 31/05/2028. O incumprimento desta obriga dará lugar a revogación da subvención.
- Darlle traslado do presente acordo ao Concello de VILA DE CRUCES, á Intervención Provincial, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete da Presidencia.

11.37511.- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES XUVENÍS E GRUPOS INFORMAIS PARA A POSTA EN MARCHA DE INICIATIVAS DE INTERESE SOCIAL DIRIXIDAS Á XUVENTUDE (Plan +Xuventude 2026). (Expte. 2025060865)

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

Primeiro. A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 30 de xaneiro de 2026, aprobou a convocatoria e as bases reguladoras para a concesión en réxime concorrencia competitiva das axudas destinadas á posta en marcha de iniciativas de interese social promovidas pola xuventude da provincia de Pontevedra durante o ano 2026, as cales foron publicadas no BOPPO núm. 26, de 9 de febreiro de 2026.



A dotación destinada á convocatoria é de 120.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02. O importe máximo subvencionado por proxecto é de 5.000,00 €.

Segundo. Segundo as bases reguladoras desta convocatoria, é obxecto de subvención a posta en marcha de iniciativas colectivas xuvenís e proxectos realizados e ideados en grupo durante o ano 2026, que favorezan e promovan o desenvolvemento persoal e comunitario; contribúan ao apoderamento xuvenil, á formación en valores e á consecución de hábitos saudables; e enriquezan a vida social, económica, científica e cultural da provincia.

Estas subvencións son incompatibles “(...) coa percepción de subvencións de concesión directa do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico contempladas no Orzamento de esta institución para o exercicio de 2026 e con outras axudas concedidas por outros servizos da Deputación de Pontevedra para a mesma finalidade no mesmo exercicio (...)”.

Terceiro. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, rexistráronse un total de 34 proxectos.

A instrución do procedemento de concesión correspondeulle á xefa do servizo de Xuventude e Reto Demográfico, que realizou de oficio cantas actuacións estimou necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos datos e da documentación presentada.

O expediente contén os informes do servizo de Xuventude e Reto Demográfico nos que consta que en cada un dos expedientes realizouse a comprobación de que as persoas beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a esta liña de subvencións.

Cuarto. A comisión de valoración prevista no punto 12.2 da convocatoria examinou e avaliou as solicitudes de acordo cos criterios establecidos nas bases reguladoras emitindo, o 7 de xullo de 2026, o correspondente informe de avaliación.

Os criterios que se tiveron en conta para valorar as solicitudes foron os establecidos na base décimo terceira da convocatoria.

Quinto. Recibido o informe da comisión de valoración, a xefa do servizo de Xuventude e Reto Demográfico formulou a proposta de resolución provisional na que se propón conceder subvencións ás 27 entidades xuvenís e grupos informais relacionados no anexo (CSV): LNIUWT9QJBSVW6E2, por un importe total de 115.163,68 €, a cal foi publicada na sede electrónica da Deputación de Pontevedra o 7 xullo de 2026, e de xeito simultáneo na páxina web.

Segundo se recolle na base 12ª da convocatoria, as entidades propostas como beneficiarias tiveron un prazo de dez (10) días para formular alegacións, desde o día seguinte ao da publicación.



Sexto. Con data 21 de xullo de 2026 Dona Alicia Garrido Márquez (NIF: ***8381**), representante do grupo informal “asociación cultural amigos do Cachafeiro-Freixeira”, presenta escrito de alegacións fronte á proposta de resolución provisional.

Sétimo. O 29 de xullo de 2026, a xefatura do servizo de Xuventude e Reto demográfico emitiu informe en contestación ás alegacións formuladas no que se motivan os criterios de valoración aplicados, a puntuación obtida polo proxecto, o cálculo do importe da subvención proposta e a determinación do orzamento subvencionable, dando así cumprimento á solicitude de motivación e acceso á información formulada pola persoa representante do grupo informal.

No citado informe conclúese que procede atender a solicitude de motivación e acceso á información formulada pola interesada e desestimar o resto das alegacións, ao considerar correctamente cualificado o gasto correspondente á instalación da iluminación na carballeira como gasto de alugueiro de espazos e/ou equipamento, resultando de aplicación o límite do 30 % previsto na base 5.3 da convocatoria.

De acordo co exposto, e ao amparo do establecido no artigo 36.1.d, da Lei de Bases de Réxime Local, no que se establece que son competencias propias das Deputacións o fomento e a administración dos intereses peculiares da Provincia, así como tamén o establecido no artigo 109.1.d, e 118 d) da Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia, a Xunta de Goberno, acorda por unanimidade:

I.- Aprobado o informe emitido pola Xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico o 28 de xullo de 2026 en relación coas alegacións formuladas por dona Alicia Garrido Márquez e, en consecuencia, dar por atendida a solicitude de motivación e acceso á información formulada pola interesada e desestimar o resto das alegacións polos fundamentos xurídicos e técnicos contidos no citado informe.

II.- Conceder subvención ás entidades xuvenís e grupos informais para a posta en marcha de iniciativas de interese social dirixidas á xuventude en 2026 relacionadas no anexo I, polo importe que se indica para cada unha delas, e cuxo importe total ascende á cantidade de 115.163,68 €, que se aboarán con cargo á aplicación orzamentaria 26/233.2310.480.02 do Orzamento xeral da Deputación para o ano 2026.

III.- Desestimar as solicitudes e denegar por tanto a concesión de subvención ás entidades e grupos informais que figuran relacionadas no anexo II, coa expresión dos motivos de exclusión.

IV.- Publicar o presente acordo na Sede electrónica e na páxina web da Deputación de Pontevedra, nos termos previstos na base 12 da convocatoria e no artigo 45 da LPACAP.



V.- Notificar o presente acordo a Dona Alicia Garrido Márquez, na súa condición de representante do grupo informal "Asociación Cultural Amigos do Cachafeiro-Freixeira", xuntándolle copia do informe emitido pola Xefatura do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico o 28 de xullo de 2026, que forma parte da motivación da presente resolución para os efectos do disposto nos artigos 35 e 88 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

ANEXO I: RELACIÓN DE SUBVENCÍONS CONCEDIDAS

Nº	Expte.	NIF	Asociación/ Grupo informal	Tipo de solicitante	Concello	Nome do proxecto	Importe concedido
1	2026010210	G70758982	Asociación Galenio Unión CF	Asociación	Pontevedra	El torneo del año 2026	3.878,00 €
2	2026011880	G36155885	Asociación socio cultural e deportiva A Insua	Asociación	Tui	Semana cultural A Insua: xuventude Activa	3.997,84 €
3	2026013574	G70923586	Club Serendipia Galicia	Asociación	Sanxenxo	Navegando cara a mocidade	4.000,00 €
4	2026016925	G56426570	Asociación Non damos feito	Asociación	Salvaterra de Miño	Galimpiadas	3.000,00 €
5	2026016929	G36716173	Asociación de nais e pais de alumnos Proval	Asociación	Nigrán	Charlas de orientación económica	280,00 €
6	2026017036	G23846306	Asociación Deligras Galicia	Asociación	Ribadumia	Programa estival Espiñeiro Baltar 2026	4.850,00 €
7	2026017626	***8146**	Aroa Otero Rodríguez	Grupo informal	Pontevedra	Primeros auxilios en centros educativos	2.650,00 €
8	2026018197	G36153344	Asociación Banda de música popular de Tui	Asociación	Tui	Sons e emocións: a cultura da mocidade	5.000,00 €
9	2026018208	G36617082	Asociación centro cultural artístico e recreativo de Valladares	Asociación	Vigo	Campamento xuvenil Okupémonos	5.000,00 €
10	2026018322	G36744951	Asociación xuvenil Xuntanza xuvenil	Asociación	Vigo	Sudando a camisola	5.000,00 €
11	2026018346	G36266682	Asociación cultural Banda de música de Silleda	Asociación	Silleda	Campamento musical de verán	5.000,00 €
12	2026018348	G36164887	Down Pontevedra Xuntos Asociación síndrome de Down	Asociación	Pontevedra	Xuntos na procura da identidade	4.431,00 €



13	2026018809	G94122702	Asociación para o desenvolvemento familiar MEDRAR 2.0 ADEFAM 2.0	Asociación	Barro	Sabor de horta	2.932,80 €
14	2026018812	G36217545	Asociación amigos Banda de música de Agolada	Asociación	Agolada	Xornadas musicais Aprendendo a dar a nota	5.000,00 €
15	2026018814	***8381**	Alicia Garrido Márquez	Grupo informal	Forcarei	Creando sociedade no rural	3.226,04 €
16	2026018820	G36062081	Asociación de veciños de Chapela-Redondela	Asociación	Redondela	Raíz na rúa	4.050,00 €
17	2026018831	G94155298	Asociación Colectivo Espazo 16	Asociación	Barro	Especies e espazos	4.500,00 €
18	2026018840	G36697324	Down Vigo Asociación para el síndrome de Down	Asociación	Vigo	A maxia	5.000,00 €
19	2026018933	G94157963	Asociación Arousa Moza	Asociación	Vilagarcía de Arousa	Ano da visibilidade e participación xuvenil LGBTQ+	4.613,00 €
20	2026019228	G94081809	Asociación musical cultural Tirante	Asociación	Barro	Barosa líquida 2026	5.000,00 €
21	2026019232	***1226**	José Alejandro Blanco Camino	Grupo informal	Ponteareas	Latidos en xogo	4.750,00 €
22	2026019235	G36183804	Asociación cultura e xuventude de Barro	Asociación	Barro	Campamento musical Notas da Natureza	5.000,00 €
23	2026019247	G19806389	Asociación Conecta Galicia	Asociación	Vilanova de Arousa	Conecta + xuventude	5.000,00 €
24	2026019326	G36027928	Agrupación musical O Rosal	Asociación	O Rosal	Máis que música	4.005,00 €
25	2026019832	G94084456	Asociación cultural Galicia Fiddle	Asociación	Vigo	Fiddle para as aldeas	5.000,00 €
26	2026019835	G36633394	Asociación Centro Xuvenil Abertal	Asociación	Vigo	Outra movida	5.000,00 €
27	2026019844	G36124279	Asociación Érguete de Prev. Educación	Asociación	A Guarda	Non o deixes ao azar	5.000,00 €



ANEXO II: RELACIÓN DE SOLICITUDES EXCLUÍDAS E CAUSAS DE EXCLUSIÓN

Nº	Expte.	NIF	Asociación/ Grupo informal	Nome do proxecto	Causa de exclusión
1	2026014722	G94017704	Asociación O son do pobo	Programa de dinamización cultural e participación xuvenil 2026	Non acada a puntuación mínima
2	2026014739	G36592582	Asociación xuvenil cultural Staccato	Proxecto orquestral	Non acada a puntuación mínima
3	2026014753	G21661285	Asociación Arrebol de Galicia	Mar, mocidade e futuro	Non contestar ao requirimento en prazo
4	2026014757	G56786718	Asociación cultural Virxe do Carmen de Baltar	Festa do Carme	Non contestar ao requirimento en prazo
5	2026019226	***7676**	Ana Paula Gil Estévez	Xornadas de enxeñaría biomédica	Non contestar ao requirimento en prazo
6	2026019231	G94079050	Asociación de nenas nenos e xente nova con diabetes de Galicia	Activa-DTI Lab	Non contestar ao requirimento en prazo
7	2026019239	***9153**	Gabriel González da Costa	Torneo de fútbol de interbarrios de Peitíeiros	Non contestar ao requirimento en prazo

12.37512.- CONCESIÓN DE AXUDAS A SOCIEDADES DE CAZA E ASOCIACIÓNS DE PERSOAS CAZADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA ACTUACIÓNS DURANTE O EXERCICIO DE 2026. (Expte 2026006015)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2026, a través do acordo número 5.36131, aprobou as Bases reguladoras das axudas dirixidas a sociedades de caza e asociacións de cazadores da provincia de Pontevedra para actuacións durante o exercicio 2026, publicadas no BOPPO número 52 do 17.03.2026, cun orzamento total de cento vinte mil euros (120.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4190.489.01.

Finalizado o prazo de recepción de solicitudes o 17/04/2026, formuláronse un total de sesenta e sete (67) solicitudes.

A base reguladora décimo terceira indica que correspóndelle á xefa do servizo de Medio Ambiente a instrución do procedemento, quen realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a determinación, o coñecemento e a comprobación dos expedientes.



Realizado o estudo de cada solicitude recibida, incluíndo a súa valoración de acordo cos criterios de valoración establecidos na base décimo segunda, e tras levar a cabo a fiscalización previa por parte do servizo de Intervención, aplícase o algoritmo da plataforma de subvencións facilitado polo servizo de Novas Tecnoloxías, obtendo unha proposta de reparto, que será sometida á aprobación do órgano competente, quedando tal e como figura no listado que se achega a este informe, cuxo código seguro de verificación (CSV) é B51K5EJBG197IPSP, repartíndose a totalidade do orzamento dispoñible, é dicir, cento vinte mil euros (120.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4190.489.01.

Vistos os informes da xefa do servizo de Medio Ambiente do 28/07/2026 e da Intervención do 30/07/26 en relación o reparto das axudas, a restante documentación que figura no expediente, e considerando o disposto nas bases de execución do vixente orzamento da Deputación de Pontevedra.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar o reparto das axudas dirixidas a sociedades de caza e asociacións de cazadores da provincia de Pontevedra para actuacións durante o exercicio 2026, por importe total de cento vinte mil euros (120.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 26/410.4190.489.01, resultante do listado co reparto o cal se aproba no presente acto:



**Deputación
Pontevedra**

Denominación: ACTUACIÓN DE FEDERACIÓN, SOCIEDADES DE CAZA E ASOCIACIÓN DE CAZADORES

Referencia: MN_D26

Relación: RELACION000000 DE DATA 28/07/2026

Importe relación: 120.000,00 €

Importe concedido: 120.000,00 €

Expedientes relación: 67

Financiamento:

Aplicación	Descripción	Importe
26/410.4190.489.01	OUTRAS TRANSFERENCIAS VARIAS,	120.000,00 €

 Para verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación (CSV): W3Y43RV8KW119Y8O



ACTUACIONES DE FEDERACIÓN, SOCIEDADES DE CAZA Y ASOCIACIONES DE CAZADORES					
RELACIONES DE DATA 2017/2018					
MN_026					
CP + ENTIDAD + CONCELLO	DOCUMENTO	BOLETIN	PRECEPTO	PUNTOS	CONCELE
CONCELLO DE AGUILADA (PONTEVEDRA)					
29 0004077 SOCIEDADE DE CAZA BERTHA	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290004077 - Segura TERCER, Isaac de Mello, secretario xeral					
TOTAL AGUILADA (2)				0.000,00 €	
CONCELLO DE BARRIO (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DE CAZA DE BARRIO	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	20,00	20,00 %
290007002 - Segura TERCER					
TOTAL BARRIO (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE BURELA (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZADORES DE BURELA	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER, Isaac de Mello					
TOTAL BURELA (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE CALDAS DE REIS (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE LOCAL DE CAZA Y PESCA DE CALDAS	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	50,00	50,00 %
290007002 - Segura TERCER, secretario xeral					
TOTAL CALDAS DE REIS (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE CAMARZANA DE MOURA (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DEPORTIVA CAZADORES CAMARZANA	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER, Isaac de Mello, secretario xeral					
TOTAL CAMARZANA DE MOURA (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE CAMARZANA DE MOURA (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DE CAZA A CAMARZANA	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER, secretario xeral					
TOTAL CAMARZANA, A (1)				0.000,00 €	

2017/2018 11-04-07
Páxina 1 de 2



Pode verificar a integridade deste documento na seguinte dirección:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV): W3Y43RV8KW119Y80

ACTUACIONES DE FEDERACIÓN, SOCIEDADES DE CAZA Y ASOCIACIONES DE CAZADORES					
RELACIONES DE DATA 2017/2018					
MN_026					
CP + ENTIDAD + CONCELLO	DOCUMENTO	BOLETIN	PRECEPTO	PUNTOS	CONCELE
CONCELLO DE CERDEÑO (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DE CAZA Y PESCA UNIÓN DEPORTIVA DE CERDEÑO	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER, secretario xeral					
TOTAL CERDEÑO (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE CERDEÑO COTOBADE (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZA O COTOBADE	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER, Isaac de Mello					
TOTAL CERDEÑO COTOBADE (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE COLELO (PONTEVEDRA)					
29 0007002 ASOCIACIÓN CAZADORES COLELO BURELA	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER, Isaac de Mello					
TOTAL COLELO (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE COLELO (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DE CAZA LA COMEDOR DE COLELO	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER, secretario xeral					
TOTAL COLELO (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE COLELO (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DE CAZADORES SAN SEBASTIAN DE COLELO	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER, Isaac de Mello					
TOTAL COLELO (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE COLELO (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DE CAZA A COLELO DE COLELO	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER, secretario xeral					
TOTAL COLELO, A (1)				0.000,00 €	
CONCELLO DE COLELO (PONTEVEDRA)					
29 0007002 SOCIEDADE DEPORTIVA COLELO	0.000,00 €	0.000,00 €	0.000,00 €	40,00	40,00 %
290007002 - Segura TERCER					
TOTAL COLELO, A (1)				0.000,00 €	

2017/2018 11-04-07
Páxina 2 de 2



Pode verificar a integridade deste documento na seguinte dirección:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV): W3Y43RV8KW119Y80



Deputación Pontevedra					
ACTUACIONES DE FEDERACIÓN, SOCIEDADES DE CAZA Y ASOCIACIONES DE CAZADORES					
RELAC/202600049 DE DATA 28/07/2026					
MN_D/26					
OP / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORGANISMO	SOLICITADO	PROPUESTO	PUNTOS	CONCEDEDO
CONCELLO DE FORCAREY (PONTEVEDRA)					
(16) 03050702 SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA DE FORCAREY ASOC	3.728,97 €	3.460,85 €	3.360,79 €	95,00	95,95 % Concursando competitiva
202600049 - Seguro TERCOR					
TOTAL FORCAREY (1)			3.360,79 €		
CONCELLO DE TORRELOS DE MONTES (PONTEVEDRA)					
(17) 03050819 SOCIEDAD DE CAZADORES DE TRAMPILAS	3.750,00 €	3.000,00 €	1.452,74 €	40,00	38,74 % Concursando competitiva
202601447 - Seguro TERCOR, construción bodega					
(18) 03050824 SOCIEDAD DEPORTIVA DE CAZA Y PESCA DA LAR	3.750,00 €	3.000,00 €	2.179,11 €	60,00	57,98 % Concursando competitiva
202600010 - Seguro TERCOR, ricas de mato					
TOTAL TORRELOS DE MONTES (2)			3.631,85 €		
CONCELLO DE GORDOMAR (PONTEVEDRA)					
(19) 03052074 SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA LA BORDOMAR	3.750,00 €	3.000,00 €	1.452,74 €	40,00	38,74 % Concursando competitiva
202600001 - Seguro TERCOR, construción bodega					
(20) 03054103 SOCIEDAD DE CABA SERRA DO GALBENO	1.075,00 €	1.200,00 €	1.256,88 €	30,00	95,00 % Concursando competitiva
202602730 - Seguro TERCOR, ricas de mato, sanatorio pinto					
TOTAL GORDOMAR (2)			2.709,62 €		
CONCELLO DE GROVE, O (PONTEVEDRA)					
(21) 03050000 TERCOR SAN MARTIN DE O GROVE	3.750,00 €	3.000,00 €	1.997,51 €	60,00	66,27 % Concursando competitiva
202600048 - Seguro TERCOR, ricas de mato					
TOTAL GROVE, O (1)			1.997,51 €		
CONCELLO DE LALIN (PONTEVEDRA)					
(22) 03050019 SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA DE LALIN	4.400,00 €	3.200,00 €	2.836,47 €	60,00	44,00 % Concursando competitiva
202602713 - Seguro TERCOR, ricas de mato, sanatorio pinto					
(23) 03050006 SOCIEDAD DE CABA FONDO	2.450,00 €	1.400,00 €	1.275,15 €	30,00	51,98 % Concursando competitiva
202602707 - Seguro TERCOR, ricas de mato					
TOTAL LALIN (2)			4.111,62 €		

28/07/2026 11:44:07
Folha 3 de 9



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):W3Y43RV8KW119Y8O

Deputación Pontevedra					
ACTUACIONES DE FEDERACIÓN, SOCIEDADES DE CAZA Y ASOCIACIONES DE CAZADORES					
RELAC/202600049 DE DATA 28/07/2026					
MN_D/26					
OP / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	ORGANISMO	SOLICITADO	PROPUESTO	PUNTOS	CONCEDEDO
CONCELLO DE LAMA, A (PONTEVEDRA)					
(24) 03050019 SOCIEDAD DE CAZA MONTE REIRO - LA LAMA	3.777,20 €	3.021,76 €	1.634,33 €	40,00	41,07 % Concursando competitiva
202602707 - Seguro TERCOR, ricas de mato					
(25) 03050047 SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA LA LAMA	3.750,00 €	3.004,94 €	1.997,51 €	60,00	55,14 % Concursando competitiva
202602700 - Seguro TERCOR, ricas de mato					
(26) 03050017 SOCIEDAD DE CAZADORES SAN BARTOLOME DA RESTA	3.750,00 €	3.013,76 €	2.179,11 €	60,00	57,98 % Concursando competitiva
202600049 - Seguro TERCOR, ricas de mato					
TOTAL LAMA, A (3)			5.810,95 €		
CONCELLO DE MARÍN (PONTEVEDRA)					
(27) 03051107 SOCIEDAD DEPORTIVA DE CAZA DO MORRAL	3.071,00 €	1.897,44 €	1.271,15 €	30,00	41,38 % Concursando competitiva
202600049 - Seguro TERCOR, ricas de mato					
TOTAL MARÍN (1)			1.271,15 €		
CONCELLO DE MEAR (PONTEVEDRA)					
(28) 03051007 SOCIEDAD DE CAZADORES DE MEAR	3.000,00 €	3.000,00 €	1.815,82 €	60,00	60,51 % Concursando competitiva
202601953 - Material de seguridade (falantes e gincas, construción bodega)					
TOTAL MEAR (1)			1.815,82 €		
CONCELLO DE MEIS (PONTEVEDRA)					
(29) 03051000 O DE CAZADORES DE MEIS	3.750,00 €	3.000,00 €	1.634,33 €	40,00	43,88 % Concursando competitiva
202600049 - Seguro TERCOR, construción bodega, ricas de mato					
(30) 03051000 SOCIEDAD DE CAZADORES DE ANTESTERA MEIS	3.750,00 €	3.000,00 €	1.815,82 €	60,00	48,42 % Concursando competitiva
202601953 - Seguro TERCOR, ricas de mato					
TOTAL MEIS (2)			3.450,15 €		
CONCELLO DE MOÑA (PONTEVEDRA)					
(31) 03051000 ASOCIACIÓN DE CAZADORES DE MOÑA	3.750,00 €	3.000,00 €	1.452,74 €	40,00	38,74 % Concursando competitiva
202600049 - Seguro TERCOR, construción bodega, ricas de mato					
TOTAL MOÑA (1)			1.452,74 €		

28/07/2026 11:44:07
Folha 4 de 9



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):W3Y43RV8KW119Y8O



Deputación Pontevedra					
ACTUACIONES DE FEDERACIÓN, SOCIEDADES DE CAZA Y ASOCIACIONES DE CAZADORES					
RELACIONES DE DATA 28/07/2026					
MN_D/26					
CP / ASOCIACIÓN / CONCELLO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPUESTO	PUNTOS	CONCEPCIÓN
CONCELLO DE BORDADO (PONTEVEDRA)					
(45) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA LA MORAÑA	5.400,00 €	5.400,00 €	5.434,33 €	40,00	Concursos competitivos
202607111 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA LA MORAÑA	5.750,00 €	5.000,00 €	5.452,74 €	40,00	Concursos competitivos
202607112 - Seguro TERCER, responsabilidad civil, responsabilidad de daños					
TOTAL BORDADO (2)			5.987,07 €		
CONCELLO DE MORÁN (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA LA PUNCA MORÁN	5.840,00 €	5.070,00 €	5.176,51 €	40,00	Concursos competitivos
202607113 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
TOTAL MORÁN (1)			5.176,51 €		
CONCELLO DE NERVA, SA (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA SANTA BARBARA DE ADREDES	5.770,00 €	5.070,00 €	5.266,79 €	40,00	Concursos competitivos
202607114 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
TOTAL NERVA, SA (1)			5.266,79 €		
CONCELLO DE NUBIA (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA LA NUBIA	5.700,00 €	5.070,00 €	5.452,74 €	40,00	Concursos competitivos
202607115 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
TOTAL NUBIA (1)			5.452,74 €		
CONCELLO DE O CAMPO LABRADO (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA REPOSER LOMBA	5.840,00 €	5.070,00 €	5.452,74 €	40,00	Concursos competitivos
202607116 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
TOTAL O CAMPO LABRADO (1)			5.452,74 €		
CONCELLO DE OSA (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA A MANOALOMA	5.000,00 €	5.070,00 €	5.074,82 €	40,00	Concursos competitivos
202607117 - Seguro TERCER, responsabilidad civil, responsabilidad de daños					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA OSA MANOALOMA	5.750,00 €	5.000,00 €	5.088,55 €	40,00	Concursos competitivos
202607118 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
TOTAL OSA (2)			5.093,37 €		



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):014024204147426

28/07/2026 11:49:27
Páxina 5 de 8

Deputación Pontevedra					
ACTUACIONES DE FEDERACIÓN, SOCIEDADES DE CAZA Y ASOCIACIONES DE CAZADORES					
RELACIONES DE DATA 28/07/2026					
MN_D/26					
CP / ASOCIACIÓN / CONCELLO	ORZAMENTO	SOLICITADO	PROPUESTO	PUNTOS	CONCEPCIÓN
CONCELLO DE PAZOS DE BORDÓN (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZADORES DE PAZOS DE BORDÓN	5.110,00 €	5.010,00 €	5.097,51 €	40,00	Concursos competitivos
202607119 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
TOTAL PAZOS DE BORDÓN (1)			5.097,51 €		
CONCELLO DE POZO (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZADORES DE POZO SAN JOAQUIN POZO	5.754,00 €	5.270,00 €	5.097,51 €	40,00	Concursos competitivos
202607120 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZADORES DE POZO SAN JOAQUIN POZO	5.750,00 €	5.400,00 €	5.499,88 €	40,00	Concursos competitivos
202607121 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
TOTAL POZO (2)			5.397,39 €		
CONCELLO DE PONTEAREAS (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZADORES DE PONTEAREAS	5.100,00 €	5.010,00 €	5.034,33 €	40,00	Concursos competitivos
202607122 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZADORES DE PONTEAREAS	5.750,00 €	5.070,00 €	5.099,55 €	40,00	Concursos competitivos
202607123 - Seguro TERCER, responsabilidad civil, responsabilidad de daños					
TOTAL PONTEAREAS (2)			5.273,88 €		
CONCELLO DE PONTE CALDELAS (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA VERDEIRO	5.750,00 €	5.000,00 €	5.223,88 €	40,00	Concursos competitivos
202607124 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
TOTAL PONTE CALDELAS (1)			5.223,88 €		
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA SAN CIBRIAN CATORRA	5.750,00 €	5.000,00 €	5.452,74 €	40,00	Concursos competitivos
202607125 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA Y PESCA EL CAMPO - CAMPOLABRADO	5.850,00 €	5.400,00 €	5.271,15 €	40,00	Concursos competitivos
202607126 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					
(46) 00010000 SOCIEDAD DE CAZA PONTEVEDRA	5.750,00 €	5.000,00 €	5.452,74 €	40,00	Concursos competitivos
202607127 - Seguro TERCER, responsabilidad civil					



Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV):014024204147426

28/07/2026 11:49:27
Páxina 6 de 8



ACTUACIONES DE FEDERACIÓN, SOCIEDADES DE CAZA Y ASOCIACIONES DE CAZADORES					
RELAC/202600048 DE DATA 26/07/2026					
MN_0/26					
CP / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	DOCUMENTO	BOLETÍN	IMPORTE	PUESTOS	CONCEDE
CONCELLO DE PONTEVEDRA (PONTEVEDRA)					
(86) 00015902 SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZADORES A HORRELEME	0.000,00 €	0.000,00 €	1.452,74 €	40,00	40,00 % Consumos competitivos
202600292 - Pesca con anzuelo					
TOTAL PONTEVEDRA (H)			1.452,74 €		
CONCELLO DE BADAJOZA (PONTEVEDRA)					
(86) 00020001 SALMES BADAJOZA SALMES BADAJOZA, SOCIEDADE DE CAZA SALMES	0.000,00 €	0.000,00 €	1.116,80 €	40,00	40,00 % Consumos competitivos
202600292 - Seguros TERCER, subvención PAC					
TOTAL BADAJOZA (H)			1.116,80 €		
CONCELLO DE RODERO (PONTEVEDRA)					
(86) 00020010 SOCIEDADE DEPORTIVA DE CAZA E PESCA DE RODERO	0.000,00 €	0.000,00 €	2.006,43 €	40,00	77,46 % Consumos competitivos
202600294 - Seguros TERCER, cuota de matos					
TOTAL RODERO (H)			2.006,43 €		
CONCELLO DE ROSAL, O (PONTEVEDRA)					
(86) 00040008 SOCIEDADE DE CAZA LA ROSALEÑA-O ROSAL	0.000,00 €	0.000,00 €	3.006,00 €	40,00	40,00 % Consumos competitivos
202600294 - Seguros TERCER, cuota de matos					
TOTAL ROSAL, O (H)			3.006,00 €		
CONCELLO DE SALCEDA DE CASILLAS (PONTEVEDRA)					
(86) 00014001 SAO DE CAZA Y PESCA CASILLAS SALCEDA	0.000,00 €	0.000,00 €	1.816,82 €	40,00	49,42 % Consumos competitivos
202600292 - Seguros TERCER, subvención PAC					
TOTAL SALCEDA DE CASILLAS (H)			1.816,82 €		
CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO (PONTEVEDRA)					
(86) 00017701 SOCIEDADE DE CAZA SAN PEDRO DE ERICENTE	0.000,00 €	0.000,00 €	1.997,51 €	40,00	61,27 % Consumos competitivos
202600292 - Contratación ganadería					
TOTAL SALVATERRA DE MIÑO (H)			1.997,51 €		
CONCELLO DE SANXENZO (PONTEVEDRA)					
(86) 00014702 SOCIEDADE DE CAZA A LAMADA	0.000,00 €	0.000,00 €	1.997,51 €	40,00	61,26 % Consumos competitivos
202600292 - Seguros TERCER, subvención PAC, cuota de matos					



Puede verificar la integridad de este documento en cualquier momento:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV): 02145480117190

26/07/2026 11:44:07
Página 7 de 9

ACTUACIONES DE FEDERACIÓN, SOCIEDADES DE CAZA Y ASOCIACIONES DE CAZADORES					
RELAC/202600048 DE DATA 26/07/2026					
MN_0/26					
CP / ASOCIACIÓN / CONCEPTO	DOCUMENTO	BOLETÍN	IMPORTE	PUESTOS	CONCEDE
CONCELLO DE SANXENZO (PONTEVEDRA)					
TOTAL SANXENZO (H)			1.997,51 €		
CONCELLO DE SALLADA (PONTEVEDRA)					
(86) 00000010 SOCIEDADE DE CAZA Y PESCA DE SALLADA	0.000,00 €	0.000,00 €	2.175,11 €	40,00	54,90 % Consumos competitivos
202600292 - Seguros TERCER					
TOTAL SALLADA (H)			2.175,11 €		
CONCELLO DE BONTOMBOIR (PONTEVEDRA)					
(86) 00010010 SOCIEDADE DE CAZA A POMEZA BONTOMBOIR	0.000,00 €	0.000,00 €	1.997,51 €	40,00	59,27 % Consumos competitivos
202600292 - Seguros TERCER, cuota de matos					
TOTAL BONTOMBOIR (H)			1.997,51 €		
CONCELLO DE TOMBRO (PONTEVEDRA)					
(86) 00010000 SOCIEDADE DE CAZA A TOMBRO	0.000,00 €	0.000,00 €	3.006,70 €	40,00	40,00 % Consumos competitivos
202600292 - Seguros TERCER, cuota de matos					
TOTAL TOMBRO (H)			3.006,70 €		
CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA)					
(86) 00017010 SOCIEDADE DE CAZA FUERTE - TUI	0.000,00 €	0.000,00 €	1.816,82 €	40,00	51,56 % Consumos competitivos
202600292 - Seguros TERCER, subvención PAC					
TOTAL TUI (H)			1.816,82 €		
CONCELLO DE VALGA (PONTEVEDRA)					
(86) 00000010 ASOCIACIÓN DE CAZADORES SAN XENZO	0.000,00 €	0.000,00 €	1.816,82 €	40,00	49,42 % Consumos competitivos
202600292 - Seguros TERCER, subvención ganadería, cuota de matos					
TOTAL VALGA (H)			1.816,82 €		
CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA)					
(86) 00000010 SAO DE CAZADORES SAN XENZO	0.000,00 €	0.000,00 €	1.816,82 €	40,00	59,26 % Consumos competitivos
202600292 - Seguros TERCER, subvención PAC, cuota de matos					
TOTAL VIGO (H)			1.816,82 €		



Puede verificar la integridad de este documento en cualquier momento:
https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación (CSV): 02145480117190

26/07/2026 11:44:07
Página 8 de 9



OF. ASOCIACIÓN / CONCEPTO		ORZAMENTO	BOLETADO	PROPOSTA	PUNTOS	CONCEPCIÓN
CONCELLO DE VILARDO (PONTEVEDRA)						
825	03020101 SOCIEDADE DE CAZA E PESCA VILARDO	2.750,00 €	3.000,00 €	1.271,15 €	35,00	Consumencia competitiva
TOTAL VILARDO (1)				1.271,15 €		
CONCELLO DE VILA DE CRUCES (PONTEVEDRA)						
846	03020201 SOCIEDADE DE CAZADORES DE VILA DE CRUCES	2.750,00 €	3.000,00 €	2.542,29 €	75,00	Consumencia competitiva
846	03020201 SOCIEDADE DE CAZA FOMA CUNTA	2.750,00 €	3.000,00 €	1.634,33 €	49,00	Consumencia competitiva
TOTAL VILA DE CRUCES (2)				4.176,62 €		
CONCELLO DE VILAGARÇA DE ARQUISA (PONTEVEDRA)						
866	03020301 SOCIEDADE DE CAZA Y PESCA NARVIA	4.200,00 €	5.400,00 €	2.360,79 €	55,00	Consumencia competitiva
TOTAL VILAGARÇA DE ARQUISA (1)				2.360,79 €		
CONCELLO DE VILARDO DE ARQUISA (PONTEVEDRA)						
866	03020301 SOCIEDADE DE CAZA BARRO	2.750,00 €	3.000,00 €	1.271,15 €	35,00	Consumencia competitiva
867	03020302 SOCIEDADE DE CAZA RIA BARRO	2.740,00 €	2.990,00 €	1.867,51 €	55,00	Consumencia competitiva
TOTAL VILARDO DE ARQUISA (2)				3.138,66 €		
Pontevedra, 29 de outubro de 2020						
O/A Xefe/a do Servizo:						
29/10/2020 11:44:27						
Folha 9 de 9						

13.37513.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO, DO SERVIZO DE DESEÑO, SUBMINISTRACIÓN EN RÉXIME ALUGUER E INSTALACIÓN DE ELEMENTOS LUMÍNICOS ORNAMENTAIS PARA A CAMPAÑA DE NADAL EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2026010704)

Resultando.- Que de conformidade co disposto no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, as entidades do sector público unicamente poderán celebrar aqueles contratos que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, debendo determinarse con precisión a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas.

De acordo co artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, son competencias propias das Deputacións Provinciais a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito.



Resultando.- Que a necesidade que motiva o presente expediente fundaméntase na conveniencia de facer partícipes a determinados edificios e espazos da Deputación de Pontevedra da celebración da campaña de Nadal, mediante unha ornamentación luminosa adecuada ao seu carácter institucional, cultural e patrimonial, contribuíndo á ambientación festiva dos devanditos espazos, reforzando a súa presenza na contorna urbana e social durante estas datas e favorecendo a súa posta en valor ante a cidadanía, beneficiando desta maneira a actividade de comercio local e desenvolvemento cultural nesas datas.

Resultando.- Que as actuacións previstas requiren medios materiais específicos, elementos luminosos ornamentais especializados, sistemas de ancoraxe, suspensión, protección e alimentación eléctrica, así como medios auxiliares adecuados para a montaxe en edificios e espazos de distinta natureza. Igualmente, esixen a intervención de persoal técnico cualificado e con experiencia no deseño, montaxe, mantemento e desmonte de instalacións eléctricas temporais de carácter ornamental.

A Deputación de Pontevedra non dispón de medios propios suficientes nin dos recursos técnicos especializados necesarios para asumir directamente a totalidade das devanditas prestacións coas debidas garantías de seguridade, calidade técnica, adecuación estética e cumprimento normativo. En consecuencia, resulta necesario acudir á contratación externa dunha empresa especializada que poida executar o conxunto de traballos requiridos.

Resultando.- Que, con data 17 de xullo de 2026 e CSV: ZL5XFIXTCYXSFX8L, as xefas do servizo de Arquitectura, Museo de Pontevedra, Príncipe Felipe e responsable de Turismo Rías Baixas, emiten providencia na que, co visto e prace dos deputados delegados respectivos, propoñen a contratación do servizo de “deseño, subministración en réxime aluguer e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra”. Xunto coa proposta remitiuse o prego de prescricións técnicas que rexerá esta contratación.

Resultando.- Que tendo en conta que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico-administrativas particulares e solicita o preceptivo informe á Secretaría.

Resultando.- Que considerando o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 14 de xullo de 2026 e CSV: VFW6EQQ259EBR6TI, e as observacións contidas no mesmo.



Resultando.- Que visto que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando.- Que visto que con data 29 de xullo de 2026, a Intervención emite documentos RC, polos importes e con cargo ás aplicación orzamentaria do vixente orzamento provincial que a continuación se relacionan:

Anualidade	Nº Lote	Nº documento contable	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
2026	1	12026000159296	26/457.4500.227.99	38.923,64 €
	2	12026000159297	26/333.3330.213.00	10.341,87 €
	3	12026000159298	26/232.2312.227.99	26.912,82 €
	4	12026000159300	26/433.4320.227.99	12.985,72 €
		12026000159301	26/433.3360.227.99	66.826,36 €
		12026000159302	26/433.3363.227.99	11.446,60 €

Resultando.- Que, con data 29 de xullo de 2026 e CSV: NRILUKDIZ9P6VT58, pola Intervención emítese informe favorable, formulando as seguintes observacións e recomendacións:

“Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.



Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio."

Resultando.- Que tendo en conta que, con data 29 de xullo de 2026, o xefe do servizo de Contratación emite memoria xustificativa para a pretendida contratación, na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo mixto. O procedemento a aplicar é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor calidade-prezo).

Considerando.- O artigo 18 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo o cal cualifícanse como contratos mixtos aqueles que conteñan prestacións correspondentes a outro ou outros de distinta clase, resultando de aplicación as normas reguladoras da adxudicación da prestación principal, neste caso, dos contratos de servizos.

Considerando.- O disposto no artigo 131.2 da LCSP, a adxudicación realizarase ordinariamente utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación baseados no principio de mellor relación calidade-prezo e utilizando o procedemento aberto.

Considerando.- As previsións dos artigos 116 e 117 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polos que se establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade y que deberá ser publicado no perfil do contratante.

Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.

Considerando.- O artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de



2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2 a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “deseño, subministración en réxime aluguer e instalación de elementos lumínicos ornamentais para a campaña de Nadal en diversos edificios da Deputación de Pontevedra”. O orzamento base de licitación ascende á cantidade de 167.437,02 € (IVE engadido), desagregado por lotes como segue:

	Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 4	TOTAL
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, sen IVE	32.168,30 €	8.547,00 €	22.242,00 €	75.420,40 €	138.377,70 €
IVE (21%)	6.755,34 €	1.794,87 €	4.670,82 €	15.838,28 €	29.059,32 €
ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN, IVE engadido	38.923,64 €	10.341,87 €	26.912,82 €	91.258,68 €	167.437,02 €

O valor estimado é de 553.510,80 euros, desagregado por lotes:

	LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4	TOTAL
Orzamento base de licitación, sen IVE:	32.168,30 €	8.547,00 €	22.242,00 €	75.420,40 €	138.377,70 €
(3) Tres eventuais prórrogas de (1) unha anualidade de duración (sen IVE):	96.504,90 €	25.641,00 €	66.726,00 €	226.261,20 €	415.133,10€
TOTAL:	128.673,20 €	34.188,00 €	88.968,00 €	301.681,60 €	553.510,80€

O prazo de duración será de (1) ano, a contar desde a data de formalización do contrato, debendo de considerar os prazos parciais de execución contemplados nos pregos técnicos.

Contémplanse 3 prórrogas para esta contratación, de un (1) ano de duración cada unha.

2.- Aprobar os pregos de cláusulas económico-administrativas particulares (CSV: QAD2VE1WZLZDA2JZ) e de prescricións técnicas dos lotes nº 1, 2, 3 e 4 (CSVs: ONTNDX5HJYM80KOC, W02DK5GZNB6C2VLE, YFQQE0U05Q8L6SQF e AX85ABXDSYXLNJ6P, respectivamente) que rexerán dita contratación.



3.- Autorizar o gasto polo importe máximo de 167.437,02 euros, conforme ao seguinte:

Anualidade	Nº Lote	Aplicación orzamentaria	Importe total, co IVE
2026	1	26/457.4500.227.99	38.923,64 €
	2	26/333.3330.213.00	10.341,87 €
	3	26/232.2312.227.99	26.912,82 €
	4	26/433.4320.227.99	12.985,72 €
		26/433.3360.227.99	66.826,36 €
		26/433.3363.227.99	11.446,60 €

4.- Nomear responsable do contrato, por lotes:

Nº Lote	Responsable do contrato
1	Antonio Giráldez da Cruz, enxeñeiro técnico industrial, ou persoa en quen delegue
2	Antía Parcero Rodal, técnica de mantemento adscrita ao Museo de Pontevedra, ou persoa en quen delegue
3	Patricia Pérez Fernández, técnica de mantemento adscrito ao Centro Príncipe Felipe ou persoa en quen delegue
4	Amanda Sartier Saburido, xefa de sección de Servizos Turísticos, ou persoa en quen delegue

5.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 30 días naturais, desde a data de envío do anuncio de licitación á Oficina de Publicacións da Unión Europea.

14.37514.- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA “XUVENTUDE A MÁIS: OBRADOIROS DE LECER EDUCATIVO E EDUCACIÓN NON FORMAL DIRIXIDOS Á MOCIDADE DOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA” (EXPTE. 2026007434) E APROBAR UN NOVO EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO DO REFERIDO SERVIZO. (Expte. 2026047930)

Visto que finalizado o prazo de presentación de ofertas a Mesa de contratación na reunión de data 11 de xuño de 2026, na licitación do Servizo para o desenvolvemento do programa “Xuventude a máis” obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de



menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra (expediente 2026007434), observa que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto, polo que propón ao órgano de contratación que declare deserto dito expediente. Contactadas con distintas empresas do sector, conséntase que non tiveron coñecemento de dita licitación debido á coincidencia nos prazos con outros expedientes así como á carga de traballo puntual nas datas establecidas, amosando o seu interese en poder participar, polo que valoradas as circunstancias descritas, e tendo en conta que continua existindo a necesidade de contratar os obradoiros que xa foron adxudicados aos concellos, procede volver a tramitar o expediente co fin de prestar o servizo, polo que emítese nova providencia de inicio polo servizo de xuventude e reto demográfico de data 11-06-2026 (CSV: 1Q1ZZSOBYH0AZGM4), e licitar de novo o contrato. Dito expediente configúrase nos mesmos termos e condicións que o anterior, sen ningunha modificación respecto ao contido dos pregos administrativos e de prescricións técnicas.

Resultando que, pola Intervención realízase a previsión de retención de crédito para o exercicio 2026 mediante o documento RC número 12026000157788, por importe de 118.100,70€ con cargo a aplicación orzamentaria 2026/233.2310.227.07 do vixente orzamento provincial.

Resultando que o servizo de Contratación elabora o borrador do prego de cláusulas económico administrativas particulares e proxecto de memoria xustificativa, e con data 01/07/2026, solicita informe á Secretaría Xeral.

Resultando que a Secretaría Xeral, informa favorablemente o expediente, co csv: FFUEIF9JL5NA9HN6. Resultando que o servizo de Contratación solicita o preceptivo informe de fiscalización á Intervención, nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.

Resultando que a Intervención, con data 28-07-2026, emite informe favorable, co csv: 95NL3FM05X1PI5OE, coas seguintes observacións ou recomendacións:

“O importe do contrato a percibir polo adxudicatario comprende tanto a achega da Deputación como as aportacións dos participantes pola asistencia a cada un dos obradoiros (5,00 Eur con IVE) engadido por persoa participante de acordo, coas bases reguladoras do programa para o ano 2026).

2. O orzamento base de licitación por mor da corrección dalgúns cálculos, resultou superior ao previsto na bases reguladoras de programa. Se ben, dado que a variación da contía total máxima destinada á convocatoria non afecta nin a prestación do servizo nin aos requisitos de participación e demais condicións da mesma, non sería obrigatorio pero sí recomendable a tramitación da correspondente modificación do acordo da Xunta de Goberno núm. 25.35901, de 19 de decembro de 2025 polo que, se aprobaron as bases reguladoras do Programa “Xuventude a máis”, no que respecta a base 3ª (Orzamento e financiamento).



3. No caso de tramitarse as dúas prórrogas previstas, deberán aprobarse as correspondentes bases reguladoras do programa.

4. Na cláusula 9.1 do apartado I. "Cláusulas particulares" do prego de cláusulas económico administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábles mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, con carácter xeral deben sempre e cando sexa posible, primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP.

No informe técnico de valoración das ofertas, deben recollese de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego".

Resultando que o xefe do servizo de Contratación, unha vez informado o expediente pola Secretaría e a Intervención, emite memoria xustificativa definitiva (CSV FZX89J1NPHD6OKVH), na que informa que o réxime xurídico aplicable é o propio dun contrato administrativo de servizos, encadrado no tipo previsto no artigo 312 da LCSP correspondente aos contratos de servizos que conleven prestacións directas a favor da cidadanía. O réxime xurídico do contrato determínase mediante a aprobación das bases reguladoras do programa "Xuventude a máis" aprobadas por acordo da Xunta de Goberno número 25.35901 de 19 de decembro de 2025. O procedemento de adxudicación elixido é o procedemento aberto atendendo a diferentes criterios de valoración (mellor relación calidade-prezo) de conformidade co previsto no artigo 131.2 da LCSP.

Considerando o disposto no segundo parágrafo do artigo 150.3 LCSP, o órgano de contratación declarará deserto o procedemento cando non existan ofertas ou proposicións admisibles de acordo cos criterios que figuren no prego.

Considerando o artigo 17 da LCSP, que tipifica como contratos de servizo os contratos que teñen por obxecto prestacións de facer consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou dirixidas á obtención dun resultado distinto dunha obra ou subministración.

Considerando os artigos 116 e 117 da LCSP, que establecen que a celebración de contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade e que deberá ser publicado no perfil do contratante. Completado o expediente de contratación, ditarase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto.



Considerando o artigo 122.1 da LCSP, que establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente coa mesma, e sempre antes da licitación do contrato, ou, de non existir esta, antes da súa adxudicación.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Declarar deserto o expediente de contratación do Servizo para o desenvolvemento do programa “Xuventude a máis” obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, aprobado en Xunta de goberno na súa sesión ordinaria de data 22/05/2026, debido que ningunha empresa achega oferta dentro do prazo de licitación.

2.- Aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do Servizo para o desenvolvemento do programa “Xuventude a máis” obradoiros de lecer educativo e educación non formal dirixidos á mocidade dos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra, cun orzamento base de licitación para os tres lotes de 118.100,70€ e de acordo co seguinte detalle:

Custo por Obradoiro 21% de IVE engadido	1.157,85€
Custo total 102 obradoiros	118.100,70€

E de acordo coa seguinte distribución por lotes:

	Importe sen IVE	21% de IVE	Importe co IVE
Lote nº 1 (40 obradoiros)	38.276,00€	8.037,97€	46.314,00€
Lote nº 2 (48 obradoiros)	45.931,20€	9.645,55	55.576,80€
Lote nº 3 (14 obradoiros)	13.396,60€	2.813,29€	16.209,90€
Total 102 obradoiros	97.603,88€	20.496,82€	118.100,70€



O alumnado participante deberá achegar a cantidade de 5,00 € por obradoiro, o que supón un importe de 75,00€ máximo por curso (5 € * 15 alumnos) e unha achega total para os 102 obradoiros de 7.650,00 €.

Dito importe será recaudado pola empresa ou empresas adxudicatarias do programa.

O valor estimado total do contrato (sen o IVE) é de:311.768,10 €.

O programa levarase a cabo de conformidade coas condicións establecidas no prego de prescrición técnicas , así como nas bases reguladoras do programa que foron aprobadas pola Xunta de Goberno de data 19/12/2025 e publicadas no BOPPO nº 6 12/01/2026.

3.- Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares (csv: FA7EKT930J507Q6F), o prego de prescricións técnicas (csv: PWR3C5PETCSBOZW6).

4.- Autorizar o gasto de 118.100,70€ con cargo a seguinte aplicación orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	2026/233.2310.227.07	118.100,70 €

5.- Nomear responsable do contrato a Xefa do servizo de xuventude e reto demográfico ou persoa en que delegue.

6.- Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación, concedendo un prazo para a presentación de proposicións que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, desde o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no Perfil do contratante.

15.37515.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA COMUNICACIÓN E REDES SOCIAIS DOS CASTELOS SOUTOMAIOR E SOBROSO. (Expte.2025022572)

Resultando.- Por acordo da Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria de data 27 de marzo de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de xestión integral da comunicación e redes sociais dos castelos de Sobroso e Soutomaior e o seu servizo de creatividadeas.

Resultando.- O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 8-04-2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.



Resultando.-Que rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 30 de abril de 2026 procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras, resultando admitidas as seguintes empresas:

	LICITADORES	NIF
1	ACTITUD DE COMUNICACIÓN S.L.	B84062389
2	AMAZING UP INGENIERIA INTERACTIVA DEL OCIO SL	B98619281
3	Anónimo Advertising, S.L.	B36721900
4	ARDORA COMUNICACION SLU	B 70159587
5	Corre Lola Corre, S.L.	B27822196
6	DOS ESPACIOS INTERNET CONSULTING, S.L.	B36562445
7	Echokai S.L	B44641736
8	ESCALA DIGITAL 360 SL	B19959329
9	Hyliacom, S.L.	B70237201
10	JUAN DE CASTRO GARCÍA	36154530W
11	LEDMON MARKETING Y MULTIMEDIA SL	B94072071
12	Marquid Consulting S.L.	B70417290
13	Miraveo Assets, S.L.	B70330683
14	Miraveo Assets, S.L.	B70567185
15	Píngota Comunicación S. Coop. Galega	F70467097
16	PUBLIGAL,S.L.	B36620151
17	Quattro Industria Destiladora de Creatividad Publicitaria SLU	B15688013
18	SPM DIGITAL Y CONSULTORIA, S.L.	B73945503
19	STRATEGY AND ANALYTICS ESTANCIA C3 S.L.	b70318274
20	Taller de Técnicas Creativas, SLU	B15936776
21	TELECYL, S.A	A47310941
22	Visual Publinet, S.L.	B36880094
23	Ángel Manuel Bonet Conde	53186771F
24	Ártabra Comunicación SL	B70408869

Resultando.- Que a continuación, procedeu á apertura electrónica dos sobres “B”, correspondentes á documentación avaliable mediante criterios non automáticos, presentados polas empresas que resultaron admitidas, e acordou trasladar dita documentación ao persoal técnico do servizo de Turismo para a súa valoración.



Resultando.- Recibido informe do técnico de servizo de turismo data 16 de xuño de 2026 (CSV: C3IITO0PEZL54MIC) a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 2 de xullo de 2026 presta conformidade ás puntuacións acadadas, e procede á apertura electrónica dos sobres "C", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos, das empresas que resultan admitidas.

Resultando.- Que do exame das ofertas atópase que as empresas Echokai e Miraveo Assets, atópanse en baixa temeraria respecto ao prezo ofertado. En data 14/07/2026 o técnico do servizo de Turismo informa sobre a xustificación das baixas presentadas polas empresas co csv: GXLXNQOTI0QR3RDO.

Resultando.- Que feitas as valoracións de conformidade cos criterios establecidos no prego de cláusulas administrativas, a empresa que obtén a maior puntuación e Miraveo Assets S.L. B70567185 cun total de 94 puntos.

Resultando .- Que a Mesa de Contratación na súa reunión de data 17/07/2026, acorda aprobar a xustificación da baixa achegada polas empresas Echokai e Miraveo Assents, en base ao informe do técnico do servizo de turismo co csv: GXLXNQOTI0QR3RDO, procedeu á clasificar as ofertas presentadas e en base á dita clasificación, e propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa Miraveo Assets S.L. B70567185 polos prezos e valores ofertados.

Resultando.- Que visto que o persoal técnico do servizo de Contratación, con data 17 de xullo de 2026, comprobou que a empresa Miraveo Assets S.L. B70567185 atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público. Dito certificado acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, que a mesma atópase debidamente constituída, así como as demais circunstancias inscritas e a non concorrencia de prohibicións de contratar.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2026005971, de data 27 de xullo de 2026, o órgano de contratación aceptou a proposta da Mesa de Contratación e requiriu á empresa Miraveo Assets S.L. B70567185 que presenta a mellor oferta, cumprindo co establecido nos pregos reguladores do procedemento, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, presente a documentación esixida de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP.

Resultando.- Que a empresa Miraveo Assets S.L. B70567185 presentou a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra (registro



entrada nº), cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 1.250,00€ (carta de pago núm. operación 1206000158841 de data 28-07-2026).

Considerando.- O disposto nos artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Considerando.- Todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno:

1.- Adxudicar o contrato mediante procedemento aberto do Servizo de xestión integral da comunicación e redes sociais dos castelos de Sobroso e Soutomaior á empresa Miraveo Assets S.L. B70567185 polos prezos e valores ofertados, conforme ao seguinte:

Importe sen IVE: 25.000€
21% de IVE: 5.250,00€
Importe co IVE: 30.250,00€

Número de reels mensuais establecidos por Castelo:

Castelo de Soutomaior: 2 reels
Castelo de Sobroso: 2 reels

Número de vídeo reportaxes por Castelo:

Castelo Soutomaior: 1 vídeo
Castelo Sobroso: 1 vídeo.



E de acordo cos seguintes prezos unitarios por Castelo:

CASTELO SOUTOMAIOR						
Concepto	Prezos unitarios	unidades	Cantidades	importe (sen IVE)	IVE (21%)	importe (co IVE)
Xestión RRS Soutomaior	548,24 €	meses	12	6.578,88 €	1.381,57 €	7.960,45 €
Reels mensuais	146,32 €	reels	32	4.682,22 €	983,27 €	5.665,48 €
Reels accións específicas	146,32 €	reels	6	877,92 €	184,36 €	1.062,28 €
ads	152,29 €	adds	12	1.827,47 €	383,77 €	2.211,24 €
vídeo reportaxe	548,24 €	vídeo	2	1.096,48 €	230,26 €	1.326,74 €
TOTAL				15.062,96 €	3.163,22 €	18.226,20 €

CASTELO SOBROSO						
Concepto	Prezos unitarios	unidades	Cantidades	importe (sen IVE)	IVE (21%)	importe (co IVE)
Xestión RRSS Sobroso	548,24 €	meses	12	6.578,88 €	1.381,57 €	7.960,45 €
Reels mensuais	146,32 €	reels	12	1.755,83 €	368,72 €	2.124,56 €
Reels accións específicas	146,32 €	reels	2	292,64 €	61,45 €	354,09 €
ads	152,29 €	adds	5	761,44 €	159,90 €	921,35 €
vídeo reportaxe	548,24 €	vídeo	1	548,24 €	115,13 €	663,37 €
TOTAL				9.937,04 €	2.086,78 €	12.023,82 €

A duración do contrato: 12 meses desde a formalización do contrato.

No prazo de 15 días naturais, trala formalización do contrato. Con posibilidade de tres prórrogas de un ano de duración cada unha.

O adxudicatario presentará a proposta de planificación esixida nos pregos técnicos.



Financiamento: As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total co IVE
2026	26/433.3360.226.02 (C. Soutomaior)	18.226, 20€
2026	26/433.3363.226.02 (C. Sobroso)	12.023,80€

Forma de pagamento: PARCIAL

Mensualmente respecto á xestión das RRSS de Soutomaior; a Xestión das RRSS de Sobroso; os Reels mensuais de cada castelo e os Adds de cada castelo, previa conformidade do servizo de Turismo Rías Baixas.

Así mesmo, as vídeo reportaxes e os Reels de accións específicas, serán pagadas na mensuralidade correspondente, sempre polos efectivamente realizados, e unha vez sexan recibidos polo servizo de Turismo Rías Baixas, previa conformidade do mesmo.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025022572	
Órgano xestor:	LA0006122	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135



Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Amanda Sartier Saburido, técnica adscrita ao servizo de Turismo Rías Baixas ou persoa na que esta delegue.

2.- A empresa adxudicataria deberá formalizar o contrato en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

16.37516.- PROPOSTA DE CAMBIO DE NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN DA OBRA "MELLORA DA MOBILIDADE PEONIL NA E.P. 4001 DENDE O P.Q. 0+810 ATA O P.Q. 1+710 (CONCELLO DE PONTEAREAS)". (Expte. 2024078759)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 10 de xullo de 2026 acordou nomear director da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o PQ 0+810 ata o PQ 1+710 (Concello de Ponteareas)" a D. Jaime Ruibal de Sola, xefe da Sección de Proxectos do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Resultando.- Que mediante escrito de data 29/07/2026 que consta no expediente con CSV: UQH6BP0HWQX5ISYP, o director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, solicita un cambio de nomeamento na dirección da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o PQ 0+810 ata o PQ 1+710 (Concello de Ponteareas)" por motivos de organización do departamento técnico, pasando a enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas Dona Andrea Otero exercer as funcións de Directora da obra de referencia.

Considerando.- Que a cláusula 18 do prego de cláusulas económico-administrativas particulares que rexe nesta contratación recolle o seguinte: "Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, o órgano de Contratación nomeará, no acordo de adxudicación do contrato, a unha directora ou director facultativo, a quen



Ile corresponderá, como responsable do contrato, supervisar a súa execución, adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, conforme o disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP..."

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Autorizar o cambio de dirección na obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o p.q. 0+810 ata o p.q. 1+710 (Concello de Ponteareas)", deixando sen efecto dende a data de adopción deste acordo, o nomeamento de Don Jaime Ruibal de Sola.
2. Nomear directora da obra "Mellora da mobilidade peonil na E.P. 4001 dende o PQ 0+810 ata o PQ 1+710 (Concello de Ponteareas)" a Dona Andrea Otero Otero enxeñeira adscrita ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

17.37517.- VALIDACIÓN DE EXPEDIENTES. (Exptes. 2026058909, 2026058531)

A) Vista a relación de operacións con número 2026058909 (CSV: EAT786B5UU4343UR), que contén 1 operación por un importe de 3.448,50 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	3.448,50 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	3.448,50 €

B) Vista a relación de operacións con número 2026058531 (CSV: 4GSKQIHUIKJMXPEU), que contén 2 operacións por un importe de 3.400 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican anulabilidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	4.000,00 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	600,00 €
Total líquido.....	3.400,00€



18.37518.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (Exptes.2026058615,2026058229)

A) Vista a relación de operacións con número 2026058615 (CSV: 4LQEAARYDENS40BP), que contén 1 operacións por un importe de 50,89 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron en exercicios pechados, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	50,89 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	0,00 €
Total líquido.....	50,89 €

B) Vista a relación de operacións con número 2026058229 (CSV: EXLSF3K594YF8PPR) que contén 15 operacións por un importe de 88.047,82 euros, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario.....	92.516,32 €
IVE soportable deducible.....	0,00 €
Retencións.....	4.468,50 €
Total líquido.....	88.047,82 €

19.37519.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DA CERTIFICACIÓN NÚM. 1 (ÚNICA) DA OBRA DE EMERXENCIA PARA A “REPARACIÓN DA ESTRADA EP 8002 CALDAS-SAN CLEMENTE NO PQ. 0+600 (CONCELLO DE CALDAS DE REIS)”. (Expte. 2026038777)

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial número 2026003838 de data 14 de maio de 2026, acordouse adxudicar a empresa “FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL” (NIF B15009533) a obra de emerxencia para a “Reparación da estrada EP 8002 Caldas-San Clemente no pq. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)”, por un importe de 150.000,00 € (IVE engadido) e un prazo de execución de TRES (3) meses (CSV: 86FBBNT3PIGPSWKA), facendo constar que este importe é unha estimación e que queda condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.



Resultando.– Que no Pleno da Corporación Provincial na súa sesión ordinaria do día 29 de maio de 2026 deuse conta desta resolución presidencial declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da devandita obra (CSV: UCN7PTVME6BLYZ6T).

Resultando.– Con data 01/07/2026 o contratista chegou a través do Rexistro electrónico de entrada da Deputación, a certificación núm. 1 e única (CSV: RYGO9O0JLYLOC6VR) das obras realizadas cuxo importe ascendeu a 207.037,11 € (IVE engadido).

Resultando.– Que o día 02/07/2026 o director de obra xustifica a obra realizada para a súa recepción e informa favorablemente a tramitación e o pago da certificación emitida (CSV: 6B8BL1QNVIDZM135).

Resultando.– Consta no expediente a Acta de Recepción de obra favorable con observacións da Intervención de data de data 8 de xullo de 2026 (CSV: 7Z1VOWK8WV7S6PHN).

Resultando.– Que remitida a Intervención a solicitude de fiscalización da certificación núm. 1 e única, esta devólvea informada en data 23/07/2026 (CSV: 9X19FGUV9YTO1RCD) coas seguintes observacións:

“Respecto da comprobación material do investimento consta, na acta de recepción, as seguintes observacións por parte do representante da Intervención: «Na documentación que xustificou a contratación non se atopa un orzamento desagregado, prazo de execución nin prescricións exactas que han de cumprir as unidades de obra, polo que non é posible a comprobación de cumprimento ningún. (...) Non existe xustificación detallada nin valores de referencia que permitan avaliar o alcance da unidade e o seu prezo, limitando, por tanto, a fiscalización do mesmo».

A pesares da dificultade ou imposibilidade de redactar un proxecto con carácter previo ao inicio da execución das obras de emerxencia, xunto co informe xustificativo da necesidade da súa contratación, debería achegarse, como mínimo, unha memoria ou documento técnico que defina coa máxima precisión posible as necesidades da emerxencia a satisfacer, cunha estimación das partidas e do número de unidades a executar, a súa valoración aproximada e o orzamento total estimado.

A obra adxudicouse por 150.000€ e o custe total foi 207.037,11 €. A pesares de que os importes das obras de emerxencia son estimados e o prezo final queda condicionado á medición definitiva e valoración exacta bótase en falta unha aclaración ao respecto ao haber tanta diferenza entre os dous importes.



As actuacións pertinentes dende o coñecemento dos danos que ocasionaron a obra de emerxencia deberían facerse con maior axilidade, xa que este tipo de obras requiren unha actuación inmediata para evitar posibles riscos.

A acta de recepción que consta no expediente (CSV: 7ZIVOWK8WV7S6PHN) trátase dun documento escaneado que contén sinaturas manuscritas cando o correcto sería que o documento estivera asinado electronicamente”.

E conclúe o devandito informe de intervención dicindo: “Vistos os defectos sinalados, e dado que as unidades de obra que se certifican xa se executaron, procedería a aprobación desta seguindo o procedemento extraordinario de recoñecemento extraxudicial de crédito”.

Considerando que por disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, no seu apartado 1, faculta a Ilmo. Presidente para actuar como órgano de contratación respecto deste contrato, e tendo en cota o disposto no artigo 185.1 e 3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e o establecido nas bases de execución do vixente orzamento, concretamente na base 17.

Con base nos antecedentes, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Primeiro.- Autorizar o recoñecemento extraxudicial da obriga de gastos relativa á certificación núm. 1 e única da obra de emerxencia para a *“Reparación da estrada EP 8002 Caldas-San Clemente no pq. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)”*, polo importe bruto de 207.037,11 €, de conformidade co seguinte detalle:

Terceiro	Aplicación orzamentaria	Importe
FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, SL (NIF B15009533)	26/456.4530.612.01	207.037,11 €
Descontos		
Taxa dirección de obra (4% PEM adx.)		5.751,43 €
Total descontos		5.751,43 €
TOTAL LÍQUIDO A PERCIBIR		201.285,68 €

Segundo.- Aprobar a liquidación dos ingresos correspondentes practicándose a retención ou desconto sobre o importe bruto da certificación, segundo detalle referido no apartado anterior.



Terceiro.- Ordenar o pago polo importe líquido.

Cuarto.- Dar traslado da presente Resolución ao interesado.

20.37520.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA PRESENTADA POLA ASOCIACIÓN CULTURAL LAR DE SOPAS DENTRO DO PROGRAMA + XUNTAS 2026. (Expte. 2025060897)

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Igualdade, puxo en marcha o programa “+Xuntas”. Con el búscase mellorar a formación básica das mulleres da provincia de Pontevedra e as súas condicións de vida, promover o apoderamento e a súa autonomía individual, e crear redes de apoio para impulsar a participación activa, a sororidade e a xeración de vínculos entre as participantes, así como para fomentar as relacións interpersoais e o intercambio de experiencias ao compartir vivencias e romper co illamento.

Este programa está dirixido a destinado a asociacións, federacións e fundacións sen fins de lucro da provincia de Pontevedra, ou que contén cunha delegación nela, que teñan como obxectivo e ámbito de actuación a promoción das mulleres e que apoien o seu desenvolvemento e apoderamento, o seu tecido asociativo e a paulatina consecución do obxectivo da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Na Xunta de Goberno de 31 de outubro de 2025 adoptouse o acordo de aprobación das bases reguladoras do programa “+XUNTAS 2026” e, posteriormente publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nº 239 de 15 de decembro de 2025.

Na Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 10 de abril de 2026 adoptou, entre outros, o acordo de adxudicar un total de 207 accións formativas a distintas entidades da provincia como beneficiarias do programa “+XUNTAS 2026”. Ademais, acordase aprobar unha lista de agarda de 47 solicitudes e a exclusión de 29 solicitudes de diferentes entidades interesadas nas accións formativas do programa.

Resultando que unha vez notificada a concesión da acción formativa á Asociación Cultural Lar de Sopas (Expediente 2025082244) presenta renuncia ao curso de plantas medicinais.

Resultando que existe lista de agarda para a participación no Programa “+ XUNTAS 2026”, sendo a Asociación Xaruma, con NIF G27746486, a situada de primeira na lista, segundo consta en listaxe con CSV: S1A74I5NY73O4TYO.



Considerando que o órgano competente para a adxudicación das acción formativas ás entidades beneficiarias do programa +XUNTAS para o exercicio 2026, é a Xunta de Goberno, de conformidade co estipulado na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra e a base 16.2 de execución do vixente orzamento provincial.

Polo exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Quedar enterada da renuncia presentada pola Asociación Cultural Lar de Sopas (NIF: G56818164) e nº de expediente 2025082244.
2. Adxudicar á Asociación Xaruma (NIF G27746486) e nº de expediente 2026001357 a concesión dunha acción formativa do programa "+XUNTAS 2026".

21.37521.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA Á SUBVENCIÓN CONCEDIDA Á "ASOCIACIÓN CULTURAL A CROA" PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE "SEMANA SANTA E PASCUA DE PARADELA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO AUTONÓMICO" EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA ACTIVIDADES DE CARÁCTER TURÍSTICO DURANTE O ANO 2025, APROBADA EN XUNTA DE GOBERNO DO 3 DE OUTUBRO DE 2025. (Expte. 2025018520)

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, sesión ordinaria de 3 de outubro de 2025 (acordo 19.35665) acordou concederlle á "ASOCIACIÓN CULTURAL A CROA" (CIF G36462869) para a realización da actividade "SEMANA SANTA E PASCUA DE PARADELA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO AUTONÓMICO" unha subvención de 5.500,00 €.

O 7 de xullo de 2026 (Ref. WEB2026056399) a entidade beneficiaria presenta escrito no que informa que renuncia á subvención concedida.

II. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA E TÉCNICA

1. NORMATIVA EXAMINADA

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS).
- R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).



- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Bases de execución do orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2023.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016.
- Bases reguladoras das subvencións, en concorrencia competitiva, para o Fomento da actividade turística baseado na dinamización e promoción dos eventos relacionados co deporte durante o ano 2025, publicadas no BOPPO núm. 39, de 26 de febreiro de 2025.

2. CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS E TÉCNICAS

O artigo 94 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos e que tanto a desistencia como a renuncia poderán facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as firmas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable. Segundo o citado artigo, a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e declarará concluso o procedemento, salvo que téndose persoado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días dende que foron notificados da desistencia ou renuncia.

Examinado o expediente, non hai motivo para non aceptar a renuncia do beneficiario á subvención.

3. COMPETENCIA

O órgano competente para aceptar a renuncia é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra como órgano concedente da subvención.

III. PROPOSTA DE ACORDO

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, a Xunta de Goberno aproba por unanimidade:

1. Aceptar a renuncia presentada pola “ASOCIACIÓN CULTURAL A CROA” (CIF G36462869) á subvención concedida por importe de 5.500,00 € para a realización da actividade “SEMANA SANTA E PASCUA DE PARADELA DECLARADA DE INTERESE TURÍSTICO AUTONÓMICO”
2. Declarar concluso o expediente e proceder ao seu arquivo.
3. Dar traslado do presente acordo ao servizo de Turismo, a Intervención e ao interesado.



22.37522.- PRESTAR A CONFORMIDADE DO PROXECTO REFORMULADO DO INVESTIMENTO DENOMINADO “REFORMA DO CAMPO DE FÚTBOL DE SAN ANTOIÑO EN MOS, PONTEVEDRA” DO CONCELLO DE MOS, INCLUÍDO NO III PLAN EXTRAORDINARIO DE INFRAESTRUTURAS DEPORTIVAS. (Expte. 2026000528)

ANTECEDENTES

- O Pleno da Deputación Provincial na súa sesión extraordinaria do 30 de setembro de 2025, mediante o acordo número 5.8494, aprobou as bases reguladoras e a convocatoria do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, publicadas no BOPPO núm. 189, de 03/10/2025.
- Mediante Acordo da Xunta de Goberno núm. 43.37024, de data 30/04/2026, concedeuse unha subvención de 170.275,48€ ao Concello de Mos con destino á execución da actuación denominada “Reforma do campo de fútbol de San Antoiño en Mos, Pontevedra”, ao abeiro do III PEID, cun orzamento de importe 370.210,01€. O financiamento complétase cunha achega municipal de 199.934,52€.
- En data 23/06/2026 o Concello de Mos presenta na sede electrónica da Deputación (núm. Rexistro WEB2026052415), un proxecto técnico reformulado, no que o orzamento da actuación minorase con respecto o inicial, quedando o orzamento total en 340.275,46€, dos que o importe da subvención 170.275,48€ mantense igual e a aportación municipal é de 169.999,98€. O reformulado do proxecto vén dada pola necesidade de corrixir e readaptar algún dos conceptos subvencionados, de acordo á base vixésimo primeira das bases reguladoras, segundo se pode entender do informe xustificativo presentado polo concello.
- O proxecto reformulado conta co informe de supervisión favorable do xefe dos servizos técnicos de Cooperación de data 23/06/2026.
- Revisada a documentación, a solicitude remitida cumpre os requisitos esixidos na base reguladora 21ª do III PEID.
- O 31/07/2026 o xefe do servizo de Cooperación informa favorablemente a solicitude de reformulado do proxecto e na mesma data a Intervención provincial informa favorablemente.



FUNDAMENTOS DE DEREITO

RÉXIME XURÍDICO

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e o seu Regulamento aprobado por RD 887/2006, de 21 de xullo (RLXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra (OXSDPPO).
- Bases de execución do vixente orzamento provincial.
- Bases reguladoras do III Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas (III PEID).

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

INSTRUCCIÓN DO EXPEDIENTE

- Base reguladora 7ª do III PEID, que indica que lle corresponde o xefe do servizo de Cooperación a instrución do procedemento de concesión.

PETICIÓN E EVACUACIÓN DE INFORMES

- Artigo 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LPACAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 24 da LXS que establece que a función de instrución comprenden a petición de cantos informes se estimen necesarios para resolver ou que sexan exixidos polas normas que regulan a subvención.

MODIFICACIÓN DE PROXECTO

- Base reguladora 21ª do III PEID, relativa á modificación das resolucións ou dos acordos de concesión por reformulación dos proxectos técnicos.



RÉXIME COMPETENCIAL

- En virtude do reparto de competencias recollido nos artigos 35 da LRBRL e 63 do ROFRXEL, e de acordo coas bases específicas de execución do vixente orzamento da Deputación, a competencia para resolver correspóndelle á Xunta de Goberno.

CONCLUSIÓNS

Visto que o proxecto reformulado presentado polo Concello de Mos non altera nin a finalidade nin o obxecto para o que se outorgou a axuda económica da Deputación.

Visto que o orzamento do novo proxecto minorase respecto do proxecto inicial, manténdose invariable o importe da subvención concedida, e o concello asume o compromiso de cofinanciamento da citada cantidade.

Visto que o proxecto preséntase antes de que remate o prazo de execución das obras acollidas no III PEID e co mesmo non se prexudican intereses de terceiros, nin se alteran as circunstancias que se tiveron en conta para a concesión da subvención. En consecuencia, non se prexudican os principios de igualdade, obxectividade e non discriminación que deben rexer os procedementos de concesión de subvencións.

Á vista dos antecedentes, fundamentos de dereito e conclusións, a Xunta de Goberno aproba por unanimidade:

- PRESTAR A CONFORMIDADE ao proxecto técnico reformulado da actuación denominada “Reforma do campo de fútbol de San Antoiño en Mos, Pontevedra” presentado polo Concello de Mos ao abeiro do III Plan extraordinario de infraestruturas deportivas, cun orzamento de 340.275,46€ .
- DAR TRASLADO do presente acordo ao Concello de Mos, á Intervención, ao servizo de Cooperación e ao Gabinete de Presidencia.

23.37523.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL E O CONCELLO DE VIGO PARA LEVAR A CABO A EXECUCIÓN DA OBRA "HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO". (Expte.2026015512)

Retírase da orde do día, pendente de mellor estudo, o expediente relativo á Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial e o Concello de Vigo para levar a cabo a execución da obra "Humanización da Rúa Doutor Carracido". (Expte.2026015512).



24.37524.- APROBACIÓN DE ACORDO POLO QUE SE DECLARA A TRAMITACIÓN DE URXENCIA E A CONSEQUINTE REDUCCIÓN DE PRAZOS, POR RAZÓNS DE INTERESE PÚBLICO, DO PROGRAMA LECER EN FAMILIA 2026. (Expte.2025039593)

Primeiro.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2025, acordou a aprobación das bases reguladoras, modificadas posteriormente na Xunta de Goberno do 13 de marzo de 2026 e publicadas no BOPPO núm. 56 do 24 de marzo de 2026.

Segundo.- O programa oferta 2.957 prazas nas seguintes modalidades:

- 2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.
- 50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.

Terceiro.- O importe da achega provincial para cofinanciar esta convocatoria ascende á contía máxima de cento setenta e nove mil cento corenta e tres con cincuenta euros (179.143,50 €), con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07.

Cuarto.- A Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 31 de xullo de 2025, acordou a aprobación do expediente para a contratación, mediante procedemento aberto do servizo de xestión, desenvolvemento e execución do programa Lecer en Familia.

O contrato para a prestación do servizo foi adxudicado a empresa Viajes Halcon, S.A.U. (NIF: A10005510) na Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria do día 19 de decembro de 2025 e asinado polas partes o 28 de xaneiro de 2026.

Quinto.- O 3 de xuño de 2026, o a xefa do servizo de Benestar Social emite informe no que solicita a ampliación do contrato por razóns de interese público ante a elevada demanda de participación no programa. Intervención emite con data 9 de xuño documento RC por importe de 35.860,00 euros para dar cobertura ao incremento de prazas:

- 255 prazas de réxime xeral, por importe de 15.300 €.
- 200 prazas de réxime especial, por importe de 20.560 €.
- Total: 455 prazas adicionais, por importe de 35.860,00 €



A Xunta de Goberno do 26 de xuño de 2026, acordou a modificación do contrato formalizado coa empresa Halcon Viajes SAU para a ampliación de 455 prazas.

O 10 de xullo de 2026 foi asinada a modificación do contrato entre as partes para a ampliación de prazas.

Sexto. – Con data 15 de xullo de 2026, Secretaría Xeral emite informe proposta de continuación da tramitación e resolución do programa ante o bloqueo técnico das consultas de intermediación automatizada de datos de convivencia no que se recolle:

"(...) Para a verificación dos requisitos dos solicitantes é preceptivo constatar os datos de convivencia. Con todo, a pesar das solicitudes de habilitación realizadas pola Secretaría Xeral e o Servizo de Novas Tecnoloxías desde o Centro de Atención a Usuarios non se procedeu a dar resposta ás distintas peticións polo que existe a imposibilidade técnica de realizar as devanditas consultas automatizadas a través da Plataforma de Intermediación de Datos (PID) do Ministerio.

Consta acreditado que esta Deputación actuou coa máxima dilixencia abrindo a Incidencia N° 4398128 (Seguimento: 22615420260805) ante a Axencia Estatal de Administración Dixital (AEAD). A pesar de reiterados requirimentos de urxencia enviados desde a Secretaría Xeral os días 11, 18, 22, 26 de maio e 18 de xuño de 2026, o estado da incidencia permanece a día de hoxe como "pendente", constando unicamente respostas automáticas do Centro de Servizos da AEAD alegando sobrecarga. (...)

Por todo o exposto, a Secretaría Xeral emite informe favorable para a continuidade do procedemento e, de conformidade co principio de celeridade, PROPÓN ao órgano competente a adopción do seguinte acordo:

PROSEGUIR coa tramitación ordinaria dos expedientes do programa provincial "Lecer en Familia", diferindo a comprobación automatizada dos datos de convivencia mentres persista a imposibilidade técnica acreditada para efectuar as consultas correspondentes a través da Plataforma de Intermediación de Datos.

DAR VALIDEZ PROVISIONAL, baixo o réxime xurídico de declaración responsable, aos datos de domicilio de convivencia consignados expresamente polas persoas solicitantes nas súas instancias de solicitude.

PROCEDER Á RESOLUCIÓN da concesión do procedemento con base nos devanditos datos declarados, garantindo a execución das actividades nas datas previstas e salvagardando o interese público.



ESTABLECER a obriga de realizar as correspondentes consultas de verificación a través do servizo de intermediación de datos no caso de que se resolva a incidencia técnica."

Sétimo.- O prazo de presentación de solicitudes permaneceu aberto entre o 1 e o 15 de abril de 2026, rexistrándose unha altísima demanda de 2.747 solicitudes correspondente a 9.654 persoas solicitantes.

O prazo de execución do programa é de seis meses, dando comezo no mes de outubro de 2026 ata marzo de 2027. Por outra banda, no prego técnico de contratación, estableceuse que a empresa adxudicataria deberá contar cos listados de persoas beneficiarias de praza cunha antelación dun mes (setembro) ao inicio para poder organizar as saídas polo que compre acelerar o procedemento para dar cumprimento aos prazos previstos.

Oitavo.- As bases reguladoras recollen na base decimo segunda recollen o seguinte: *"De conformidade coa base decimo segunda das bases reguladoras "(...) establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas na páxina web da Deputación de Pontevedra. (...)*

(...) Unha vez publicada a lista provisional, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; (...)"

Noveno.-Neste momento do procedemento, os expedientes correspondentes á convocatoria atópanse en fase de revisión e fiscalización por parte da Intervención, co obxecto de proceder á publicación da resolución provisional de persoas admitidas e excluídas, na que se incluírán as causas de exclusión, así como á apertura do correspondente prazo de emenda.

Unha vez rematado este trámite, procederase á publicación da listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas, á realización do sorteo para a ordenación das solicitudes e, finalmente, á resolución de adxudicación das prazas.

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

Declarar a tramitación de urxencia do procedemento e reducir a cinco días hábiles o prazo para a emenda de solicitudes, por razóns de interese público, contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución pola que se aprobe a listaxe provisional de persoas admitidas e excluídas no programa Lecer en Familia 2026, xunto coa indicación das causas de exclusión das persoas provisionalmente excluídas.



25.37525.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA DRENAXE E SEGURIDADE VIARIA NA E.P. 0403 CARBALLEDO-REBORDELO. CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADA". (Expte. 2025079583)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada E.P. 0403 CARBALLEDO-REBORDELO que percorre o termo municipal de Cerdedo-Cotobade pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude total de 2.636 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que actualmente o treito da estrada comprendido entre os P.Q. 0+000 ao 2+636 ten carencias debido o deterioro tanto dos firmes como do sistema de drenaxe existente, as cunetas actuais teñen desbordamentos puntuais, tamén existen zonas onde o firme se encontra en mal estado o que supón un risco para a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade", cun orzamento base de licitación de o proxecto de 758.835,34 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 3T92ULREFZYX76GU.



Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade”.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025079583, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, estando retido mediante documento RC nº 12026000010810, por importe de 758.835,84 €.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de febreiro de 2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade”, redactado pola enxeñeira Belén Pampín Camino, adscrita ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de 758.835,34 € IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 3T92ULREFZYX76GU.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 20 de marzo de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade”. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/04/2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade”.

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.



- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o Director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 30 de xuño de 2026, emitiu un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	A MEMORIA E PROGRAMA DE TRABAJO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTALES	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	17,00	3,00	20,00
CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A.	11,00	2,00	13,00
HORDESCON, S.L.	12,00	1,00	13,00
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	21,00	2,00	23,00
NAROM, S.L.	15,00	3,00	18,00
UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	16,00	2,00	18,00

Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 30 de xuño de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade".

Resultando.- Que na mesma reunión procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos, deste procedemento.



Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U	577.279,66 €	3,00%	36 MESES	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	617.039,34 €	3,00%	36 MESES	SI
HORDESCON, S.L.	607.194,10 €	1,50%	12 MESES	SI
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	621.994,53 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	614.405,36 €	3,00%	36 MESES	SI
UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.	565.991,20 €	3,00%	36 MESES	SI

Resultando.- Que a continuación procédese á valoración das ofertas económicas detectando que as ofertas presentadas por CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U e UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L. de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas que rexe este procedemento, conteñen valores anormais ou desproporcionados no referente ó prezo ofertado.

Resultando.- Que en virtude do anteriormente dito a Mesa de Contratación facultou ó Secretario da mesa para que procedera a requirir ás citadas empresas para que xustificaran as súas ofertas e precisaran as condicións das mesmas, en particular no que se refire ó aforro económico, solucións técnicas adoptadas e condicións excepcionalmente favorables, de que dispoñan para executar este contrato

Resultando.- Que CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U e UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L. presentaron respectivamente dentro do prazo, a través do Rexistro electrónico da Deputación (REX_WEB2026055428 e REX_WEB2026056159) xustificación das súas ofertas, dando traslado das mesmas ós servizos técnicos do Servizo de Infraestruturas para que emitiran o preceptivo informe.



Resultando.- Que constan no expediente con CSV: 5E91G4M6UQX1R2BN e CSV: 5WKOC3VBNRKEBL8 informes do director do servizo de Infraestruturas e Vías provinciais nos que se recolle que tanto CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U como a UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L., non xustifican de forma correcta as súas ofertas económicas desproporcionadas (baixa temeraria) presentadas polas mesmas, e non deben de ser tidas en consideración no proceso de adxudicación da obra.

Resultando.- Que de conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 23/07/2026 , procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	CERTIFICADOS 9001/14001	PUNTUACION SOBRE "B"
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	5,67	5,00	5,00	5,00	20,67
HORDESCON, S.L.	10,73	0,00	1,25	5,00	16,98
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	2,89	5,00	5,00	5,00	17,89
NAROM, S.L.	7,11	5,00	5,00	5,00	22,11

Resultando.- Que posteriormente a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para contratación da obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACION SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	23,00	17,89	40,89
2	NAROM, S.L.	18,00	22,11	40,11
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	13,00	20,67	33,67
4	HORDESCON, S.L.	13,00	16,98	29,98



Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade” á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (CIF B36533537), por un importe de 752.613,38 € IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comprobou que a empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (B36533537), figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (núm. 4577) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, solvencia, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 31.099,73 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 27/07/2026 con número de operación 12026000157676.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: “...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluír da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...”.

Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. o Lote 2 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)”.



Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (A82876905) para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballado-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade", por un importe estimado de 4.478,10 € IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) MGXFR5GFHFC8NSY8, no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01.2025, dentro do proxecto de gasto código nº 2025079583, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº I2026000010981.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Excluír deste procedemento as ofertas presentadas polas empresas CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS, S.A., CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U e UTE SUCCES INFRAESTRUTURAS Y SERVICIOS, S.A.-CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L., pois ofertan valores anormais ou desproporcionados sen explicar satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos, e polo tanto se presume que non poden cumprir o contrato.
2. Adxudicar á empresa MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L., (CIF B36533537), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballado-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade", por importe de 752.613,38 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	621.994,53 €
IVE (21%)	130.618,85 €
Importe Total	752.613,38 €

O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.



O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

As obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación 2026/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2025079583.

3. Nomear directora de obra a Dona Belén Pampín Camino, enxeñeira adscrita ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
4. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIAMBIENTE, S.A. (CIF A82876905), o Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da drenaxe e seguridade viaria na E.P. 0403 Carballedo-Rebordelo. Concello de Cerdedo-Cotobade", (expte. 2025081977), por un importe de 4.478,10 € IVE engadido, e de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....	3.700,91 €
IVE (21%)	777,19 €
Importe Total	4.478,10 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.



As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01.2025 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2025081977.

26.37526.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "MELLORA DA DRENAXE NA E.P. 5003 A CANIZA-ARBO DENDE O P.Q. 9+706 AO 10+116. CONCELLO DE ARBO". (Expte. 2026006522)

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.



Resultando.- Que a estrada E.P. 5003 A CANIZA-ARBO que percorre o termo municipal de Arbo pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 12.352 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal do servizo técnico de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario proceder a reposición do drenaxe, no treito comprendido entre os p.q. 9+706 ao 10+116, sendo este, dun total de 410 metros de lonxitude, que discorre de xeito íntegro polo Concello de Arbo, a fin de salvagardar a debida prestación do servizo público viario e de mellorar a seguridade viaria.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse pola enxeñeira Dona Andrea Otero Otero, adscrita ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, o proxecto de execución da obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo", cun orzamento base de licitación de o proxecto de 290.663,51 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: ZS2XJCBG6PUM7QBZ.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Mobilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo".

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12026000041283 por importe de 290.663,51 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 27/03/2026 acordou aprobar o proxecto de execución da obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo", redactado pola enxeñeira Dona Andrea Otero Otero, adscrita ó servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, cun orzamento base de licitación de o proxecto de 290.663,51 euros IVE engadido. A este proxecto asinóuselle o código CSV: ZS2XJCBG6PUM7QBZ.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.



Resultando.- Que a Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 8 de maio de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo". O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 8 de maio de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 4 de xuño de 2026 procedeu á apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo".

As empresas admitidas foron as seguintes:

- CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.
- CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.
- NAROM, S.L.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avaliaran e ponderaran as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que o director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, con data 21 de xullo de 2026, emitiu un informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

LICITADORES	MEMORIA E PROGRAMA DE TRABALLO	PLAN DE ACTUACIONES MEDIOAMBIENTAIS	PUNTUACION SOBRE "A"
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	19,00	3,00	22,00
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	21,00	3,00	24,00
NAROM, S.L.	15,00	3,00	18,00



Resultando.- Que a Mesa de Contratación en base ó informe do director do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. César Aja Chao, de data 21 de xullo de 2026, acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo".

Resultando.- Que na mesma reunión a Mesa de Contratación procedeu á apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentada polas empresas admitidas neste procedemento e que acadaron unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (12,5 puntos) en función dos criterios non avaliables mediante fórmulas.

Os valores ofertados foron os seguintes:

LICITADORES	SOBRE B			
	OFERTA ECONOMICA	CONTROL CALIDADE	PRAZO DE GARANTIA	UNE-EN ISO 9001
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	236.686,58 €	3,00%	36 MESES	SI
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	238.776,47 €	3,00%	36 MESES	SI
NAROM, S.L.	230.368,85 €	3,00%	36 MESES	SI

De conformidade co establecido no PCAP para o cálculo das ofertas económicas presentada polas empresas admitidas neste procedemento, a Mesa de Contratación procedeu á efectuar a valoración das ofertas obtendo o seguinte resultado:

LICITADORES	SOBRE "B"				PUNTUACIÓN SOBRE "B"
	VALORACION ECONOMICA	PRAZO DE GARANTIA	CONTROL CALIDADE	UN-EN ISO 9001	
CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	5,46	5,00	5,00	5,00	20,46
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	2,23	5,00	5,00	5,00	17,23
NAROM, S.L.	13,97	5,00	5,00	5,00	28,97



Resultando.- Que posteriormente a Mesa de Contratación acordou aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo" que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN SOBRE "A"	PUNTUACIÓN SOBRE "B"	PUNTUACIÓN TOTAL
1	NAROM, S.L.	18,00	28,97	46,97
2	CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	22,00	20,46	42,46
3	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	24,00	17,23	41,23

Resultando.- Que en virtude da clasificación aprobada, a Mesa de Contratación acordou propor ó Órgano de Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo" á empresa NAROM, S.L. (B36163418), por un importe de 278.746,31 € IVE engadido.

Resultando.- Que a Mesa de Contratación comproba que a empresa NAROM, S.L., (B36163418) figura inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público e no Rexistro Oficial de Contratistas da Xunta de Galicia (número 2260) acreditando a tenor do reflectido neles e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, clasificación, a acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Comunidade autónoma de Galicia, co Estado e coa Seguridade Social, a alta no IAE así como a non concorrencia das prohibicións de contratar.

Resultando.- Que requirida NAROM, S.L, para que aportara a documentación xustificativa, esta aportou a documentación no prazo, constituíndo na Tesourería da Deputación de Pontevedra, garantía definitiva por importe de 12.010,89 € segundo queda acreditado en carta de pago de data 31/07/2026 con número de operación 12026000160354.

Considerando.- Que o artigo 149.6 da LCSP establece en relación ás ofertas anormalmente baixas o seguinte: "...Se o órgano de contratación (...) estimase que a información recabada non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezo ou custos propostos polo licitador e polo tanto, a oferta non pode ser cumprida coma consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas...".



Considerando.- Que o artigo 151 do mesmo texto legal, establece que a resolución de adxudicación deberá ser motivada, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa Aquatica Ingeniería Civil, S.L. (B36962314), o Lote 3 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Sur)".

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, á empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314), para a adxudicación do Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo", por un importe estimado de 4.886,01 € IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV): CS2P3NGEED1OJS9G no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2026006522, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000066062.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta ó Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Adxudicar á empresa NAROM, S.L. (B36163418), o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo, por importe de 278.746,31 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado	230.368,85 €
IVE (21%)	48.377,46 €
Importe Total	278.746,31 €



O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.

O prazo de execución será de OITO (8) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo.

O contrato deberá formalizarse no prazo máximo de 15 días hábiles seguintes á notificación desta resolución.

Ás obrigas derivadas deste contrato financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026006522.

2. Nomear directora de obra á enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, Dona Andrea Otero Otero.
3. Adxudicar á empresa AQUATICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. (B36962314), o Contrato derivado Lote 3 AM seguridade e saúde na obra "Mellora da drenaxe na E.P. 5003 A Caniza-Arbo dende o P.Q. 9+706 ao 10+116. Concello de Arbo" (Expte 2026013712), por un importe de 4.866,01 € IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe ofertado.....	4.021,50 €
IVE (21%)	844,51 €
Importe Total	4.866,01 €

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.



Ás obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á aplicación 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; número de expediente: 2026013712.

27.37527.- ADMISIÓN DAS EMPRESAS QUE SOLICITAN PARTICIPAR NO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA. (Expte. 2026029621)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 29 de maio de 2026, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición de vestuario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 05 de xuño de 2026, aparecendo publicado o día 08 de xuño de 2026 (Número de publicación do anuncio 388948-2026; número da edición do DO S: 108/2026); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 07 de xuño de 2026, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, iniciárase o procedemento de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos no prego, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no mesmo.



Finalizada a avaliación, confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando se produza a correspondente necesidade.

Se a Mesa observase defectos emendables nos documentos presentados, comunicarllo ás persoas candidatas afectadas, concedéndolles un prazo de tres días naturais para que poidan emendar tales defectos.

No caso de que a empresa non emende a documentación no prazo indicado, entenderase que desiste da súa solicitude de inclusión. Do resultado informarse ás persoas candidatas canto antes. As empresas que presentaron as súas candidaturas durante o prazo inicial de presentación de solicitudes son as seguintes:

1. A.J.J. Stores, S.A (CIF: A24428161), categoría 1 e 2.
2. Andarines Guay, S.L. (CIF: B90357435), categoría 1 e 2.
3. CR Confecciones Ramos, S.L. (CIF: B50349323), categoría 1 e 2.
4. Grupo Disnainga, S.L. (CIF: B70101035), categoría 1 e 2.
5. Idealex Laroca Integral Service, S.L.U. (CIF: B72236979), categoría 1.
6. Peycar Pontevedra, S.L. (CIF: B36112043), categoría 1.
7. Würth España, S.A. (CIF: A08472276), categoría 1 e 2.

Examinada a documentación achegada polas empresas solicitantes, obsérvase que, co obxecto de xustificar os criterios de selección esixidos nos pregos, as seguintes entidades presentan defectos emendables:

- A.J.J. Stores, S.A (CIF: A24428161), categoría 1 e 2.
- Andarines Guay, S.L. (CIF: B90357435), categoría 1 e 2.
- CR Confecciones Ramos, S.L. (CIF: B50349323), categoría 1 e 2.
- Grupo Disnainga, S.L. (CIF: B70101035), categoría 1 e 2.
- Idealex Laroca Integral Service, S.L.U. (CIF: B72236979), categoría 1.
- Würth España, S.A. (CIF: A08472276), categoría 1 e 2.

Á vista do anterior, a Mesa de Contratación, na súa sesión do 09 de xullo de 2026, acordou facultar ao Secretario da Mesa para efectuar o correspondente requirimento de emenda ás empresas afectadas, co fin de que achegasen a documentación necesaria para a correcta acreditación dos requisitos de solvencia.



Unha vez transcorrido o prazo concedido e examinada a documentación presentada en resposta ao requirimento, obsérvase o seguinte:

1. Grupo Disnainga, S.L. (CIF: B70101035). Acredita correctamente a capacidade para contratar respecto da categoría 1 (vestiario laboral e equipos de protección individual - EPIs). Non obstante, non acredita que o seu obxecto social comprenda as prestacións correspondentes á categoría 2 (uniformidade corporativa do persoal), polo que non queda acreditada a súa capacidade para contratar respecto desta categoría, de conformidade co disposto no artigo 66 da LCSP.
2. Idealex Laroca Integral Service, S.L.U. (CIF: B72236979). Non atende o requirimento de emenda efectuado no prazo conferido, polo que non achega a documentación necesaria para acreditar o cumprimento dos criterios de selección esixidos nos pregos.
3. Würth España, S.A. (CIF: A08472276). Para acreditar a solvencia técnica achega unha táboa en formato Excel coa relación de facturas e os seus importes. Non obstante, dita documentación non identifica o concepto correspondente a cada unha das facturas nin permite comprobar que os subministracións realizadas sexan de natureza igual ou similar ás que constitúen o obxecto do contrato, polo que non resulta suficiente para acreditar a solvencia técnica esixida nos pregos.
4. O resto das empresas requiridas acreditan correctamente os requisitos de solvencia esixidos.

Tendo en conta o exposto, a Mesa de Contratación, na reunión celebrada o 30 de xullo de 2026 acordou non admitir ás seguintes empresas por non cumprir os criterios de selección establecidos no prego:

- Idealex Laroca Integral Service, S.L.U. (CIF: B72236979).
- Würth España, S.A. (CIF: A08472276).
- Grupo Disnainga, S.L. (CIF: B70101035), na categoría 2, mantendo a súa admisión na categoría 1.

Do mesmo xeito, acordou seleccionar ao resto de empresas por ter acreditado que compren cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión das mesmas nas correspondentes categorías, segundo a súa solicitude, do Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra.

Considerando que o artigo 225.4 da LCSP sinala que os órganos de contratación informarán o antes posible á empresa que solicitou adherirse ao sistema dinámico de adquisición de se foi admitida ou non.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Non admitir ás empresas Idealex Laroca Integral Service, S.L.U. (CIF: B72236979) e Würth España, S.A. (CIF: A08472276), por non cumprir os criterios de selección establecidos no prego.



2. Non admitir á empresa Grupo Disnainga, S.L. (CIF: B70101035) na categoría 2, mantendo a súa admisión na categoría 1, por non cumprir os criterios de selección establecidos para a devandita categoría.
3. Admitir ás empresas que se relacionan a continuación en cada unha das categorías do Sistema Dinámico de Adquisición de vestiario para o persoal da Deputación de Pontevedra:
Categoría 1: Vestiario laboral e equipos de protección individual (EPIs)
 1. A.J.J. Stores, S.A. (CIF: A24428161)
 2. Andarines Guay, S.L. (CIF: B90357435)
 3. CR Confecciones Ramos, S.L. (CIF: B50349323)
 4. Grupo Disnainga, S.L. (CIF: B70101035)
 5. Peycar Pontevedra, S.L. (CIF: B36112043)

Categoría 2: Uniformidade corporativa do persoal

1. A.J.J. Stores, S.A. (CIF: A24428161)
 2. Andarines Guay, S.L. (CIF: B90357435)
 3. CR Confecciones Ramos, S.L. (CIF: B50349323)
4. As empresas admitidas deberán formalizar o acordo de admisión ao sistema en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle ás empresas seleccionadas para que formalicen o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.



5. O SDA terá unha duración dun ano.

Establécese a posibilidade de tres prórrogas cunha duración máxima dunha anualidade cada unha delas.

28.37528.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO ESPECÍFICO PARA ADQUISICIÓN DO NOVO MODELO DE SUBSCRICIÓN CITRIX UNIVERSAL HYBRID MULTI-CLOUD PARA A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA NO MARCO DO LOTE 2 DO SISTEMA DINÁMICO DE ADQUISICIÓN 25/2022 "SOFTWARE DE SISTEMA, DE DESENVOLVEMENTO E DE APLICACIÓN" DA DIRECCIÓN XERAL DE RACIONALIZACIÓN E CENTRALIZACIÓN DE CONTRATACIÓN DO ESTADO. (Expte.2026040281)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 17 de xullo de 2026, acordou aprobar o expediente para a adquisición do novo modelo de subscrición Citrix Universal Hybrid Multi-cloud para a Deputación de Pontevedra mediante sistema de pago por uso mediante Central de Contratación do Estado a través dun contrato específico no marco do Lote 2 (Software para a xestión de infraestrutura) do sistema dinámico de adquisición 25/2022 "Software de sistema, de desenvolvemento e de aplicación", da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado.

Para a presente contratación, en data 20 de xullo de 2026 invítáronse as empresas adxudicatarias do Lote 2 do citado SDA 25/2022 (CSV: WF5JFWQZ3QSWHXQL), a que presenten ofertas a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, con data 31 de xullo de 2026, procedeuse á apertura electrónica e cualificación dos sobres correspondentes á documentación avaliable mediante criterios automáticos presentados polas empresas que resultaron admitidas.

As empresas que presentaron oferta á licitación e que foron admitidas son:

- INFOREIN S.A. (NIF: A78327350)
- ORANGE ESPAGNE S.A.U. (NIF: A82009812)
- SOFTWAREONE SPAIN S.A. (NIF: A58282096)
- TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA S.A.U. (NIF: A79054748)



As ofertas presentadas polas citadas empresas son as seguintes:

EMPRESAS	PREZO UNITARIO SEN IVE	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IMPORTE TOTAL CON IVE
INFOREIN S.A. (NIF: A78327350)	372,82 €	215.490,00 €	260.742,90 €
ORANGE ESPAGNE S.A.U. (NIF: A82009812)	365,99 €	211.542,79 €	255.966,77 €
SOFTWAREONE SPAIN S.A (NIF: A58282096)	366,93 €	212.085,54 €	256.623,50 €
TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA S.A.U. (NIF: A79054748)	346,50 €	200.277,00 €	242.335,17 €

A continuación, procedeuse á valoración das ofertas económicas presentadas polas empresas admitidas, de conformidade cos criterios e fórmulas establecidos no documento de invitación.

Con data 3 de agosto de 2026, o servizo de Contratación emitiu o correspondente informe de valoración das ofertas e de puntuacións finais (CSV: R3EM4LO53UKLK9FK).

Á vista do citado informe, as ofertas quedan clasificadas da seguinte forma:

1ª	TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA S.A.U. (NIF: A79054748)	100,00 puntos
2ª	ORANGE ESPAGNE S.A.U. (NIF: A82009812)	65,45 puntos
3ª	SOFTWAREONE SPAIN S.A (NIF: A58282096)	63,78 puntos
4ª	INFOREIN S.A. (NIF: A78327350)	53,34 puntos

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de



subministracións que superen o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato para a adquisición do novo modelo de subscrición Citrix Universal Hybrid Multi-cloud para a Deputación de Pontevedra, á empresa TÉCNICOS ASOCIADOS INFORMÁTICA S.A.U. (NIF: A79054748), mediante contrato específico baseado no do Lote 2 (Software para a xestión de infraestrutura) do sistema dinámico de adquisición 25/2022 "Software de sistema, de desenvolvemento e de aplicación", da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización de Contratación do Estado:

Prezo ofertado para 578 licenzas:

PREZO UNITARIO SEN IVE	IMPORTE TOTAL SEN IVE	IMPORTE TOTAL CON IVE
346,50 €	200.277,00 €	242.335,17 €

O prazo de duración será de tres anos, contados desde a data de efectiva subministración das licenzas, que deberá realizarse nun prazo máximo de 15 días naturais desde a formalización do contrato. Non se contempla a posibilidade de prórroga.

Financiación: As obrigas derivadas do presente contrato, polo importe máximo de 242.335,17 €, financiaranse de acordo coa seguinte distribución orzamentaria:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2026	26/926.9260.206.00	80.778,39 €
2027	27/926.9260.206.00	80.778,39 €
2028	28/926.9260.206.00	80.778,39 €

En todo caso, os gastos que se deriven do presente contrato para os anos 2027 e 2028 quedarán condicionados á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias así como á aprobación dos respectivos orzamentos provinciais.

Forma de pagamento: PARCIAL

Fitos de facturación:

Unha vez recibidas as licenzas, a empresa contratista facturará por anticipado cada anualidade.



O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicataria ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2026040281	
Órgano xestor:	LA0006132	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Xefatura do servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra ou persoa na que delegue.

29.37529.- CORRECCIÓN ERRO NO ACORDO ADOPTADO POLA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 24/07/2026 (NÚM 26.37451) RELATIVO Á ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DA OBRA "REPOSICIÓN DE FIRME NA E.P. 2602 PEINADOR-LOUREDO, DO P.Q. 0+000 AO P.Q. 4+420 (CONCELLO DE MOS)". (Expte. 2025070519)

Visto o erro padecido no acordo número 26.37451 adoptado pola Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2026, relativo á adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición de firme na E.P. 2602 Peinador-Louredo, do P.Q. 0+000 ao P.Q. 4+420 (Concello de Mos)".

Considerando.- Que o artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, recolle que as Administracións Públicas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.



A Xunta de Goberno acorda por unanimidade corrixir o citado erro no seguinte senso:

ONDE DI:

(...)

O prazo de execución será de SEIS (6) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo. (...)

DEBE DICIR:

(...)

O prazo de execución será de CATRO (4) MESES, a contar dende a data de formalización da acta de comprobación de replanteo. (...)

30.37530.- COMUNICACIÓNS: non houbo.

31.37531.- FÓRA DA ORDE DO DÍA: non houbo.

32.37532.- ROGOS E PREGUNTAS: non se formularon

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez horas e cincuenta minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario Acctal. que dou fe.

